



PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

CURSO 2022-2023
CEIP FLAVIA, PADRÓN





INDICE

0. PRINCIPIOS BÁSICOS DE REFERENCIA DA PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL.....	4
1. PUNTO DE PARTIDA.....	6
2. OBXECTIVOS.....	7
2.1- Obxectivos propostos para este curso a nivel centro.....	7
2.2- Medidas a desenvolver para a súa consecución.....	8
2.3-Pautas ou criterios xerais sobre o uso das tarefas extraescolares.....	8
2.4- Recursos previstos para o efecto.....	9
3. OBXECTIVOS DO EQUIPO DIRECTIVO.....	9
4. AS DIFERENTES ETAPAS QUE SE IMPARTEN. FINALIDADE E OBXECTIVOS.....	10
4.1- Educación Infantil.....	10
4.1.1 Periodo de adaptación.....	12
4.2- Educación primaria:.....	13
4.3- A Familia.....	16
5. PLAN ANUAL DE LECTURA.....	17
6. EQUIPO DE ACT. EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS.....	36
7.PROXECTO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA.....	39
8. DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.....	54
9. AULA DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA.....	91
10. AULA DE AUDICIÓN E LINGUAXE.....	101
11. FORMACIÓN DO PROFESORADO.....	127
12. DOCUMENTOS DE ORGANIZACIÓN DO CENTRO.....	127
12.1 ÓRGANOS UNIPERSOAIS.....	127
12.2. ÓRGANOS COLEXIADOS.....	127
12.3 EQUIPOS.....	128
12.4 Outros.....	129
12.5.....	130
13. ATENCIÓN AO TEMPO DE RECREO E PLAN LECTOR.....	130
14. EQUIPO DIRECTIVO. ATENCIÓN ÁS FAMILIAS.....	130
15. HORARIO DO PROFESORADO.....	131
16. HORARIO DO ALUMNADO.....	131
17. CALENDARIO DE AVALIACIÓNS.....	132
18. DÍA NON LECTIVO.....	132
19. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS.....	132
20. PERSOAL NON DOCENTE.....	133
20.1 Conserxe.....	133
20.2 Coidadora.....	133



20.3 Persoal limpeza.....	133
20.4 Persoal de cociña.....	133
21 COMEDOR ESCOLAR.....	134
22. PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO.....	138
23. MELLORA DAS INSTALACIÓNS.....	138
24. LIBROS DE TEXTO CURSO 2021-2022.....	139
25. TRANSPORTE ESCOLAR.....	147
26. PLAN DE POTENCIACIÓN FAMILIA-ESCOLA.....	147
27. PLAN DE CONVIVENCIA.....	147
28. PLAN DIXITAL DE CENTRO.....	148
29. CRITERIOS DE PROMOCIÓN DO ALUMNADO.....	149
30. ACTIVIDADES DA ANPA.....	149
31. AVALIACIÓN DA PXA.....	150
31. APROBACIÓN DA PXA.....	150



0. PRINCIPIOS BÁSICOS DE REFERENCIA DA PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

A educación entendémola dunha maneira global como o desenvolvemento da personalidade humana, debendo ser a actividade escolar un medio para acadala.

Toda a actividade do Centro estará presidida polo respecto ós dereitos individuais, baseada na tolerancia e nos principios democráticos de convivencia, propiciando os valores da solidariedade, a cooperación, a paz...


Fomentaremos o respecto polas persoas, pola natureza e polas cousas; tamén a colaboración e as actitudes non discriminatorias así como a responsabilidade.

Traballaremos pola participación activa da Comunidade Escolar na xestión do centro, de acordo coas disposicións vixentes.

Son principios irrenunciabes a liberdade de conciencia de alumnas e alumnos e profesorado así como o respecto pola súa integración e dignidade persoal. A contorna do Colexio e as particularidades socioculturais e lingüísticas de Galicia serán de obrigada referencia en todos os actos e programacións deste Centro. No traballo diario e no desenvolvemento das actividades terase en conta o Proxecto Educativo, elaborado por todos os estamentos da Comunidade Educativa.

Estes principios son a base na que se sustenta todo o desenvolvemento da presente Programación Xeral Anual.





RESUMO DA PXA

PUNTO DE PARTIDA

MEMORIA FINAL DO CURSO 2021-2022

SEGUIR COA POSTA EN MARCHA DO PLAN DE BENESTAR EMOCIONAL

POSTA EN MARCHA DO PLAN DIXITAL: FORMACIÓN EN NTICS

NECESIDADE DE MELLORAR AS COMPETENCIAS DO NOSO ALUMNADO

FORMACIÓN DO PROFESORADO

PLANS E PROXECTOS



ORGANIZACIÓN: ADSCRIPCIÓN, HORARIOS DE ENTRADA, SAÍDA, ALUMNADO, COMEDOR, RECREOS, EQUIPOS, TAREFAS EXTRAESCOLARES, DÍA NON LECTIVO, OBXECTIVOS DE INFANTIL, DE PRIMARIA, TRANSPORTE, COMEDOR, LIBROS DE TEXTO, SAÍDAS EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS, CALENDARIO DE AVALIACIÓN, ORGANOS COLEGIADOS, UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓN...



ACTIVIDADES PROGRAMADAS POLOS EQUIPOS, REFERIDAS AS DIFERENTES CONMEMORACIÓN E DE CARÁCTER TRANSVERSAL AO CURRÍCULUM



ANPA: ACTIVIDADES

ENCUNTROS COAS FAMILIAS

PROGRAMA DE FROITAS E LEITE: ALIMENTATE BEN
CONTRATOS-PROGRAMA: IGUALA-T E EMOCIONA-T
EDUCACIÓN RESPONSABLE.
PLAN DIRECTOR
ESCOLAS SEN VIOLENCIA
SECCIÓN BILINGÜE



1. PUNTO DE PARTIDA

Partimos para elaborar a programación xeral anual das **propostas de mellora da memoria final do curso 2021-2022**.

Neste curso 2022-2023 seguiremos centrar a nosa actividade en tres aspectos:

- Desenvolvemento das capacidades do noso alumnado coa finalidade de mellorar o aspecto curricular do mesmo.

A coordinación entre todos e todas os mestres e mestras é importante, a revisión das porcentaxes dos diferentes perfís competenciais, os mínimos esixibles para cada ciclo e nivel reflíctense en cada unha das diferentes programacións de ciclo e/ou nivel.

Somos conscientes da nosa realidade e do noso contexto e tamén cremos que é necesario que as familias valoren a parte educativa e de aprendizaxe da escola baseada na parte curricular-competencial, emocional e dixital; e que contribúe ao desenvolvemento íntegro da persoa.

Dende o colexio desexamos que o noso alumnado acade a autonomía persoal para desenvolver ao máximo o seu nivel competencial, pero observamos tendencias preocupantes como a sobreestimulación e a sobreprotección que provocan falla de responsabilidade, inmadurez e, en definitiva problemas adaptativos ao medio académico e/ou social. Polo tanto, o eixo colaborativo familia-escola é de vital importancia para a mellora competencial e a xeración dun clima cordial de traballo conxunto na comunidade escolar.

Neste eixo encádrase tamén a apertura das dúas seccións bilingües en 5º de primaria coa vontade de mellorar as competencias na lingua estranxeira (inglés) do noso alumnado. A materia elixida é a Educación Plástica e Visual (Arts & Crafts).

- Desenvolvemento do Plan de benestar emocional.

O CEIP Flavia leva traballando nesta liña ao longo de oito cursos académicos, a través de diferentes programas educativos: **Educación Responsable** e **Contratos Programa Inclúe nas súas liñas Emociona-t e Iguala-t**.

Observamos que hai un mellor clima de centro, de aula e de relacións entre familia e escola; así como unha menor incidencia en canto a conflictividade e unha mellor resolución de conflitos.

Sabemos que nesta situación complexa que estamos a vivir na nosa sociedade (pandemia, recesión, etc...), todo o traballado no eido da educación emocional axudou a compartir, a expresar e procurar solucións ante momentos difíciles que estaban acontecendo tanto familiares como persoais.

Neste eixo transversal de autocoidado e promoción da saúde física e mental encadrárase tamén o **Proxecto Aliméntate ben**, de reparto de froita e leite no que tamén participamos.

Tamén seguimos a participar no **Plan Director para a convivencia e a mellora da seguridade nos centros educativos** e no programa **Escolas sen violencia**.

- Desenvolvemento do Plan dixital do centro.

O nivel de competencia dixital tanto do alumnado como do profesorado é un dos aspectos de mellora que están centrando os nosos esforzos.



Durante o curso pasado realizouse unha avaliación inicial en canto a equipamentos, formación, etc ... e foi elaborado o noso plan dixital de centro, así como a formación do equipo de dinamización deste plan. Recibimos e seguiremos recibindo a asesoría necesaria para acadar a dirección metodolóxica, de formación e de equipamentos que precisamos para a súa posta en marcha.

Neste senso, durante este curso xa está solicitada e concedida unha liña de traballo para a formación do profesorado nas ferramentas TIC fundamentais (software, aula virtual, entornos de traballo online...). Tamén está prevista a creación dunha aula específica de informática con recursos propios para a formación do alumnado no uso das ferramentas tic, durante o curso pasado non foi posible a súa posta en marcha por mor das obras de reforma do centro, actualmente xa case rematadas.

2. OBXECTIVOS

2.1- Obxectivos propostos para este curso a nivel centro.

- ✓ Continuar coa revisión e actualización dos documentos do centro.
- ✓ Fomentar os valores, as actitudes e as prácticas que permitan avanzar no respecto á diversidade e o fomento da igualdade entre homes e mulleres
- ✓ Lograr unha serie de hábitos indispensables para mellorar as habilidades sociais como: respecto e coidado de si mesmos/as, dos demais, do centro, do entorno, puntualidade e orde entre outras.
- ✓ Mellorar as competencias en Ciencias e Tecnoloxía do noso alumnado.
- ✓ Integrar e cohesionar as propostas das distintas actividades dos equipos.
- ✓ Continuar coa mellora da biblioteca logo da súa inclusión no PLAMBE e o desenvolvemento de actividades de fomento á lectura, traballo de investigación, de relación con outras bibliotecas, exposicións temáticas ...
- ✓ Continuar na configuración, mellora e potenciación da páxina web do Centro.
- ✓ Fomentar e promover a formación permanente do profesorado .
- ✓ Seguir coas melloras nas instalacións, dotación de material e equipamentos do Centro, atendendo as súas necesidades e establecendo as necesarias relacións co Concello e Administracións.
- ✓ Colaboración de todos os estamentos do Centro.
- ✓ Reflexionar sobre o proceso de ensinanza-aprendizaxe (metodoloxía) .
- ✓ Tomar acordos referidos á coordinación vertical.
- ✓ Observar as dificultades coas que nos atopamos e procurar solucións entre todos e todas.
- ✓ Seguir traballando para que o noso centro sexa referente de bo clima de traballo e convivencia.
- ✓ Fomentar a resolución pacífica de conflitos. A integración no centro do Programa Educación Responsable foinos dotando de ferramentas para o traballo das emocións co alumnado.
- ✓ Visibilizar o traballo realizado sobre os temas transversais.
- ✓ Participación, dentro do posible, nas actividades de interese desenvoltas polo noso Concello.
- ✓ Dar continuidade aos encontros coas familias, adaptando o formato ás necesidades e posibilidades da comunidade escolar e fomentando a colaboración familia-escola.



- ✓ Fomentar bos hábitos para unha vida saudable.
- ✓ Desenvolver o Plan Dixital do Centro, elaborado no pasado curso.

2.2- Medidas a desenvolver para a súa consecución

As medidas que se levarán a cabo serán as seguintes:

- Realizar a revisión e actualización dos documentos do centro.
- Daremos especial importancia aos acordos tomados na CCP.
- Ter un espazo adicado ás familias, solicitar a súa colaboración en diferentes actividades e integrar as súas propostas na medida do posible.
- Facer unha xestión por consenso e racional dos recursos económicos do Centro.
- Fomentar o diálogo entre todo os sectores da comunidade escolar.
- Informar ás familias da marcha docente dos seus fillos/as.
- Aproveitamento das instalacións do Centro en todos os ámbitos.
- Buscar solucións axeitadas para os problemas que xurdan durante o curso.
- Realización de visitas culturais e recreativas que complementen as ensinanzas recibidas nas Aulas.
- Fomentar o uso das NTICs.
- Uso da Biblioteca escolar, participando no Plan de Mellora das Bibliotecas Escolares.
- Solicitude dos contrato- programa e plan proxecta.
- Proposta de actividades dos distintos equipos e mesmo nas programacións didácticas que permitan desenvolver hábitos democráticos, de respecto e de cooperación entre os distintos membros da Comunidade Escolar como por exemplo: Participación en diversas charlas e xornadas divulgativas.
- Solicitar a colaboración de diferentes institucións e empresas para desenvolver os nosos proxectos.

2.3 Pautas ou criterios xerais sobre o uso das tarefas extraescolares.

A Disposición adicional terceira do Decreto 105/2014, do 4 de setembro polo que se establece o currículo da educación primaria en Galicia, regula as tarefas extraescolares nos seus puntos 1 e 2.

1. Os centros docentes poderán incluír dentro da súa programación xeral anual, segundo o marco de autonomía pedagóxica e organizativa, as pautas e/ou criterios xerais sobre o uso das tarefas extraescolares na etapa de educación primaria, de maneira que entroncamento co adecuado desenvolvemento das competencias clave do alumnado segundo os seus distintos procesos e ritmos de aprendizaxe, atendendo a un principio de progresividade ao longo da etapa educativa.

A actual lei educativa enmarca accións educativas como saber, saber facer, saber ser. Dentro da mesma normativa contéplanse dúas competencias clave relacionadas coas tarefas extraescolares. Competencia para aprender a aprender: ser cada vez máis eficaz e autónomo e competencia en autonomía e iniciativa persoal: aprender a ter criterio propio e a escoller accións para desenvolver opcións e plans responsabilizándose deles .

Esta responsabilidade axuda ao neno a cultivar éxitos, cada vez con máis frecuencia e a tomar decisións cada vez máis acertadas. Dende esta perspectiva, o Centro e as titorías en particular pretenderán fomentar o hábito de traballo responsable encamiñado a reforzar os coñecementos e aprendizaxes adquiridas.

A familia é peza clave neste papel, posto que a preparación do alumnado para a vida vai depender da responsabilidade e compromiso dos pais ou titores legais cos seus fillos.



Serán actividades extraescolares aquelas actividades programadas para as diferentes sesións e materias que non sexan rematadas ao longo da xornada lectiva. En ocasións poderanse enviar actividades de reforzo e/ ou ampliación, ben para reforzar algún contido ou ben, para amplialos. A finalidade é crear responsabilidade, autonomía e desenvolver a competencia de aprender a aprender como parte fundamental do proceso de ensinanza aprendizaxe de cara a acadar o éxito académico, así como de adquirir un hábito de traballo que lles servirá a medida que vaian medrando para afrontar novos retos.

2.4- Recursos previstos para o efecto

Recursos persoais:

- Claustro de profesores e os respectivos equipos docentes.
- Departamento de orientación.
- Conserxe.
- Persoal de cociña.
- Persoal de limpeza.

Recursos materiais:

- Ingresos dos fondos da Consellería de Educación e O.U
- Aproveitamento das instalacións do Centro.
- Uso dos medios didácticos dispoñibles.
- Utilización dos medios audiovisuais e informáticos.
- Financiamento por parte da Consellería de Educación do Comedor e Transporte Escolar.
- Orzamento dos contratos programa solicitados.

Outros recursos:

- Concello.
- Asociacións.
- Outros organismos.

3. OBXECTIVOS DO EQUIPO DIRECTIVO

- ✚ Fomentar o bo clima de convivencia no centro.
- ✚ Resolver posibles problemas que xurdan ao longo do curso.
- ✚ Dotar, na medida das posibilidades, do profesorado para o apoio ao alumnado con dificultades de aprendizaxe ou necesidades educativas específicas de apoio educativo.
- ✚ Dar a coñecer os documentos do centro.
- ✚ Cumprir e facer cumprir o regulamento de réxime interno, así como a normativa que se aplica aos CEIP.
- ✚ Establecer canles de comunicación entre familia e escola.
- ✚ Fomentar a formación do profesorado.
- ✚ Facer do colexio un lugar dinámico onde se introduzan novas metodoloxías que fagan do centro un lugar que está co que acontece, é dicir, para que non sexa algo que transcorre de xeito paralelo ao que hai fóra. Realizarase a través do uso de novas ferramentas, da formación do profesorado e da incorporación de proxectos de innovación educativa.



4. AS DIFERENTES ETAPAS QUE SE IMPARTEN. FINALIDADE E OBXECTIVOS


4.1- Educación Infantil

Na nosa práctica educativa partiremos dos obxectivos xerais propostos no Currículo de Educación Infantil. Neste curso é de aplicación o Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e que modifica ao Decreto 330/2009, do 4 de xuño, así como a Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

OBXECTIVOS EDUCACIÓN INFANTIL

- a) Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, así como as súas posibilidades de acción, e aprender a respectar as diferenzas.
 - b) Observar e explorar a súa contorna familiar, natural e social.
 - c) Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
 - d) Desenvolver as súas capacidades emocionais e afectivas
 - e) Relacionarse coas demais persoas en igualdade e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e relación social, así como exercitarse no uso da empatía e a resolución pacífica de conflitos, evitando calquera tipo de violencia.
 - f) Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
 - g) Iniciar nas habilidades lóxico-matemáticas, na lectura e a escritura, e no movemento, o xesto e o ritmo.
 - h) Promover, aplicar e desenvolver as normas sociais que fomentan a igualdade entre mulleres e homes.
 - i) Coñecer e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.
- Artigo 8. Competencias clave
- No anexo I establécense as competencias clave da etapa, que son as seguintes:
- a) Competencia en comunicación lingüística (CCL).
 - b) Competencia plurilingüe (CP).
 - c) Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñería
 - d) Competencia dixital (CD).
 - e) Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA).
 - f) Competencia cidadá (CC).
 - g) Competencia emprendedora (CE).
 - h) Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC)

No ciclo de Educación Infantil neste curso 2022-2023 están escolarizados un total de 54 alumnos/as:



- Aula de 3 anos con 12 nenos e nenas.
- Aula de 4 anos con 21 nenos e nenas.
- Aula de 5 anos con 21 nenos e nenas.

Maioritariamente son castelán falantes, por tanto, a lingua vehicular na clase será o castelán (Instrución do 31 de xullo do 2013), pero tamén teremos en conta a lingua da contorna e procuraremos que os nosos alumnos/as adquiran de forma oral e escrita, o coñecemento da outra lingua cooficial de Galicia, o galego, dentro dos límites propios correspondentes á etapa. Tendo en conta para isto as actividades e estratexias planificadas no Proxecto Lingüístico do Centro. E atendendo de forma individualizada aos casos de fala galega. Todo iso segundo o Decreto 79/2010 do 20 de maio para o plurilingüísimo no ensino non universitario de Galicia.

A maioría dos alumnos asisten a clases de relixión católica que se regula segundo o Decreto 235/1995 do 20 de xullo, para os ensinos de réxime xeral na Comunidade Autónoma de Galicia. Quédase a mestra de apoio cos asistentes á atención educativa .

En relación o profesorado, este ano o ciclo de Educación infantil está composto por:

-Olalla Mallo Serrano: Titora da aula de 3 anos.

-M^a Isabel Oliveira Ruzo: Titora da aula de 4 anos

-Rocío Iglesias Couselo: Titora da aula de 5 anos

-Patricia Lareo Álvarez: Mestra de Infantil. Este ano leva a cabo a función de apoio e impartirá a Psicomotricidade, a Atención Educativa e a Educación Musical

-Patricia Mosqueira Vilar: Mestra especialista en lingua inglesa

-Rafael Mosteiro Zapata: Mestre especialista en Relixión.

4.1.1 PERIODO DE ADAPTACIÓN

Mantívose unha reunión inicial para explicar o proceso do período de adaptación e levouse a cabo seguindo as directrices marcadas no calendario escolar.

Orde do 20 maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2021/22 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

O período de adaptación do alumnado de educación infantil que se incorpora por primeira vez ao centro, a que se refiren o punto 1.8 do capítulo VI do anexo á Orde do 22 de xullo de 1997, pola que se regulan determinados aspectos organizativos e de funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios rurais agrupados, dos colexios de educación primaria e dos colexios de educación infantil e primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, o punto 53 das instrucións que regulan a organización e o funcionamento dos centros públicos integrados, aprobadas pola Orde do 3 de outubro de 2000, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 7/1999, polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanzas non universitarias, e o artigo 3 da Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia, terá a mínima duración posible que permita acadar os seus obxectivos e, en todo caso, non se poderá prolongar máis de 10 días lectivos desde a data de inicio das clases.

No caso de que algún alumno/a non fose quen de adaptarse no calendario establecido, adoptaranse as medidas necesarias para acadar unha adaptación plena e satisfactoria ao centro escolar.

A adaptación dos alumnos que se vaian incorporando ao longo do curso realizarase da cordo coas necesidades dos nenos e durará o menor tempo posible.

Tal e como se recolle no NOFC o alumnado que se incorpora ao centro en 4º de Educación Infantil deberá ter controlado os esfínteres agás aquel neno ou nena que por algún motivo tras o informe médico preciso necesite solicitar un ou unha cuidadora.



O Equipo de Educación Infantil opta por traballar por proxectos de elaboración propia, para axustarse mellor as necesidades e intereses do alumnado.



4.2- Educación primaria:

Neste curso é de aplicación o Decreto 155/2022, do 15 setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e que modifica ao Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia así como a Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

OBXECTIVOS EDUCACIÓN PRIMARIA

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas de forma empática, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a resolución pacífica de conflitos e a prevención da violencia, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito escolar e familiar, así como nos grupos sociais con que se relacionan.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas por motivos de etnia, orientación ou identidade sexual, relixión ou crenzas, discapacidade ou outras condicións.
- e) Coñecer e utilizar de maneira apropiada a lingua galega e a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura.
- f) Adquirir, polo menos, nunha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.



h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura

i) Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e iniciarse na súa utilización para a aprendizaxe, utilizando un espírito crítico ante o seu funcionamento e as mensaxes que reciben e elaboran.

j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.

k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física, o deporte e a alimentación como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan a empatía e o seu coidado.

m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.

n) Desenvolver hábitos cotiáns de mobilidade activa autónoma saudable, fomentando a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

ñ) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e os homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

Competencias clave da etapa:

- a) Competencia en comunicación lingüística (CCL).
- b) Competencia plurilingüe (CP).
- c) Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (STEM).
- d) Competencia dixital (CD).
- e) Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA).
- f) Competencia cidadá (CC).
- g) Competencia emprendedora (CE).
- h) Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC).



Neste curso 2022-2023 están matriculados un total de 201 alumnos e alumnas, distribuídos do xeito seguinte:

- Primeiro nivel: 32 alumnos/as
- Segundo nivel: 35 alumnos/as
- Terceiro nivel: 33 alumnos/as
- Cuarto nivel: 25 alumnos/as
- Quinto nivel: 45 alumnos/as
- Sexto nivel: 31 alumnos/as



En relación o profesorado, este ano está composto por:

TITORES:

1ºA: José Ramón García Sestayo	1ºB: Mónica Fontaíña Losada
2ºA: Lucía Fraga Rodríguez	2ºB: María Alende Antelo
3ºA: Xesús Manoel Rodríguez Carril	3ºB: Belén Casal Pernas
4ºA: José Carlos Seca Vijande	
5ºA: Lucía Frois Refojo	5ºB: Ana María Villar López
6ºA: Cristina Díaz Fernández	6ºB: Benedicta Sandá Barbazán

ESPECIALISTAS:

Educación Física: Purificación Alborés Martínez e Natalia Calviño Facal
Francés: Mónica Fontaíña Losada
Inglés: Alexandra Carracedo Hermida e Patricia Mosqueira Vilar
Música: Nuria de León Viloria
Relixión: Rafael Mosteiro Zapata



4.3. A FAMILIA

Terase a comezo de curso unha xuntanza cos pais/nais/titores dos alumnos e alumnas onde se abordarán temas como:

- ❖ Normas de funcionamento do centro recollidas nos diferentes plans.
- ❖ Criterios avaliación e de promoción do alumnado.
- ❖ Desenvolvemento do traballo na aula.
- ❖ Normas de convivencia.



Contarase ademais cunha hora de titoría á semana para poder recibir ás familias, ben presencial, telemática ou telefónica, para aclarar algunha dúbida ou para falar do avance escolar do alumno ou alumna e que será os **martes pola tarde de 16:45h a 17:45h**.



PLAN ANUAL DE LECTURA CURSO 2022/2023





ÍNDICE

- ◆ Obxectivos
- ◆ Liñas de actuación prioritarias en relación co papel da biblioteca escolar no centro
- ◆ Organización de espazos e tempos para a lectura
- ◆ Rutinas de lectura. Actividades sistemáticas
- ◆ Recursos humanos que interveñen nas actividades de fomento da lectura
- ◆ Itinerarios lectores
- ◆ Actividades programadas
- ◆ Ler en familia
- ◆ Seguimento e avaliación



OBXECTIVOS

1. Neste curso escolar a biblioteca do CEIP Flavia propónse acadar os seguintes obxectivos:

- Rematar a catalogación dos fondos disponibles.
- Dar de baixa os fondos desfasados ou en mal estado.
- Adquirir novos fondos en función das necesidades e de acordo coas peticións realizadas polos usuarios.
- Ampliar as posibilidades de uso pedagóxico da biblioteca (música, elaboración de materiais propios, concursos, xogos didácticos...)
- Fomentar o hábito lector e o gusto pola lectura levando a cabo actividades de dinamización (apadriñamento lector, recomendacións de libros, itinerarios lectores...)
- Ampliar a nosa colección de libros “feitos por nós”, que ten moi boa aceptación e son moi lidos polo noso alumnado.
- Volver a deseñar e a levar a cabo actividades abertas ás familias, como contacontos e charlas, de forma presencial.
- Continuar coa actualización do blog da biblioteca.
- Integrar os distintos tipos de soporte: impreso, dixital e multimedia.
- Seguir dándolle protagonismo á mascota da biblioteca: Ef.
- Fomentar o uso do Recanto da Luz e doutros espazos de lectura informal.
- Organizar o traballo do equipo para mellorar o noso rendemento.
- Mellorar a nosa formación en relación coas bibliotecas escolares e con outras temáticas das que poidamos tirar partido (tecnoloxías, educación responsable...)
- Participar e colaborar nas actividades propostas por outros equipos do centro.
- Axudar a actualizar a dinámica das bibliotecas de aula.



- Levar a biblioteca ás aulas (mediante actividades de dinamización: uso de caixas sorpresa, vídeos, participación a través do blog, contacontos dos axudantes de Ef...)
- Incrementar a utilización da biblioteca implicando a toda a comunidade educativa.
- Desenvolver a creatividade do noso alumnado (creación de talleres e compra de fondos relacionados coas artes: tema anual).
- Mellorar a expresión escrita nas catro linguas que se traballan no centro: galego, castelán, inglés e francés (optativa en 6º de primaria).
- Desenvolver no noso alumnado o gusto pola lectura.
- Fomentar o uso das tecnoloxías e a busca de información.
- Dar a coñecer ao noso alumnado as festas e tradicións de Galicia.
- Desenvolver actividades relacionadas co tema principal deste curso: a arte.
- Fomentar o hábito lector e o gusto pola lectura levando a cabo actividades de dinamización.
- Usar representacións e expresións artísticas e iniciar a construción de propostas visuais e audiovisuais.
- Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e a non discriminación das persoas con discapacidade ou por outras razóns.
- Continuar coa reorganización da biblioteca e dos espazos que a rodean despois das obras levadas a cabo no centro nos últimos cursos.
- Retomar iniciativas previas á pandemia e fomentar a relación entre o alumnado de distintos agrupamentos.
- Fomentar a implicación das familias no desenvolvemento das actividades que se leven a cabo ao longo do curso no centro.



- Fomentar o uso das tecnoloxías coas que contamos por parte do alumnado e do profesorado.
- Revisar e actualizar o Proxecto Lector do Centro.

LIÑAS DE ACTUACIÓN PRIORITARIAS

- O alumnado, segundo o seu nivel, traballará ao longo do curso con diferentes soportes de busca de información e seleccionará as ideas principais para incorporalas ás súas propias producións.
- Darase a coñecer o tema anual escollido no centro “**A ARTE**” e plantexaranse actividades relacionadas co mesmo.
- Mantemento e actualización do blog da biblioteca: A FLAVIOTECA (<http://biblioceipflavia.blogspot.com>).
- Busca de estratexias para mellorar a competencia lectora en distintos soportes (elaboración e distribución de fichas, lecturas no blog, xogos lectores, xogos de seguimento de pistas, etc...)
- Realización de charlas sobre diferentes temas de interese para a comunidade educativa (educación emocional, a saúde, o acceso e a seguridade ante as TICs...).
- Realización de quedadas lectoras cos alumnos do CEIP ROSALÍA e de quedadas lectoras entre alumnado do noso centro pero de distintos niveis.
- Elaboración de fichas e xogos adaptados a cada un dos niveis para mellorar a comprensión lectora.
- Axudar no agrupamento de distintos niveis a través da lectura (cos padriños e madriñas lectores, contacontos dos axudantes de Ef...)
- Gravar e crear reportaxes para subilas ao blog.
- Publicitar os documentos e vídeos informativos sobre o funcionamento da biblioteca a través do blog e doutros medios.



- Utilización dos días conmemorativos para exposición de recursos propios da biblioteca, ofrecendo ideas para que nas aulas se elaboren materiais propios, que unha vez rematados, serán expostos nos diferentes espazos e subidos ao blog.
- Axuda e adquisición de exemplares para lecturas colectivas nas aulas, tendo en conta a opinión dos alumnos e dos titores.
- Organizar as visitas de autores e contacontos, concertos... como actividades lúdicas e motivadoras para o alumnado.
- Ampliación do catálogo sobre educación emocional, proxecto de educación responsable que se está levando a cabo no centro dende hai varios anos.
- Apoio ás actividades desenvolvidas en distintas áreas e proxectos de aula.
- Apoio á compra de materiais para a realización de futuros proxectos.
- Continuaremos mellorando o recuncho informático coa adquisición de novos aparellos electrónicos para que todos poidan acceder en iguais condicións aos recursos dixitais.
- Planificaremos tempos de uso do ordenador, tabletas e de acceso a internet, priorizando o uso dos mesmos para a busca de información e a realización de tarefas.
- Motivaremos a todos os alumnos, de xeito inclusivo, para que formen parte do equipo de voluntarios axudantes de Ef (5º e 6º de EP).
- Facilitar a lectura nas casas a través dos préstamos e do uso das mochilas viaxeiras para que todos poidan ter acceso á lectura.
- Ampliar o catálogo con materiais que engloben a diversidade e as problemáticas coas que nos podemos atopar na nosa práctica docente (igualdade, bullying, dislexia, autismo, etc...).
- Fomentaremos a participación do alumnado no blog da biblioteca, onde sempre lles responde Ef (a mascota) e onde tentamos que aparezan os traballos feitos por eles.
- Fomentaremos a busca de información e o emprego de materiais interactivos nas aulas.



- Aumentaremos o catálogo audiovisual do que dispoñemos buscando a súa actualización e adecuación aos diferentes niveis educativos atendidos. Novamente, teremos en conta a opinión do alumnado e do profesorado.
- Exposición de novas adquisicións na zona de novidades, situada na entrada da biblioteca nun lugar moi visible.
- Exposicións de diversos materiais elaborados tanto polos equipos de traballo dos mestres como polas aulas nos recunchos dos que dispoñemos (Recanto da Luz, Salón de Pasos Perdidos...).
- Difusión a través de carteis informativos e a través do blog anunciando exposicións, actividades...
- Continuar a elaboración de libros e material propio “feitos por nós”, coa colaboración das familias.
- Ampliación do uso da plataforma de préstamo dixital E-LBE, usada moi escasamente por algún usuario o curso pasado.
- Cambio do programa de xestión da biblioteca, do MEIGA ao KOHA.
- Tentaremos ter unha relación máis fluída coas outras bibliotecas do concello de cara a poder realizar actividades conxuntamente.
- Revisarase e actualizarase o Proxecto Lector do Centro.

ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E TEMPOS PARA A LECTURA

Na biblioteca:

- A biblioteca mantense aberta diariamente ao longo de toda a xornada escolar.
- Cada titoría conta cunha sesión semanal fixa propia para empregar o espazo interior da biblioteca.



- Hai outras horas da mañá nas que os membros do equipo de biblioteca traballan para o seu mantemento e están a disposición dos compañeiros e compañeiras.
- Tamén hai horas libres para que o profesorado que desexe utilizar o espazo poida facelo.

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
1º	6ºA	2ºB		B	3ºA
2º		5ºEI		B	4º
3º	6ºB	B		5ºB	B
RECREO	RECREO	RECREO	RECREO	RECREO	RECREO
PL	PL	PL	PL	PL	PL
4º		B	1ºB	4ºEI	5ºA
5º	6º EI	2ºA		1ºA	3ºB

- Este curso académico, trataremos de voltar a ofertar os Recreos na Flavioteca, que tiveron que deixar de facerse por mor da pandemia nos cursos pasados. O tempo do recreo é de 12:15 a 12:45.
- Ademais ofértase como actividade extraescolar atendida polo profesorado do centro todas as tardes, agás os martes. O horario é de 15:45 a 17:00.

Nas aulas:

- Ademais da lectura que se poida realizar noutras sesións de clase, cada titor, con axuda dos especialistas, fai unha sesión de lectura diaria: A HORA DE LER, en horario de 12:40 a 13:05.
- En toda as aulas temos biblioteca de aula para que todos os nenos e nenas poidan coller libros e ler. Ademais o profesorado pode escoller libros para facer préstamos para a aula e ilos renovando ao longo do curso.

Fóra das aulas e do espazo interior da biblioteca:

- Hai distintos recunchos externos á propia biblioteca e fóra das aulas.



- Os recunchos de pais e nais onde poden achegarse a ler mentres estean dentro do recinto escolar, principalmente os martes polas tardes en horario de atención, mentres esperan a ser recibidos.
- O Recanto da Luz na parte externa da biblioteca, baixo o lucernario.
- O Salón dos Pasos Perdidos: con alfombras de céspede e coxíns, un espazo amplo e agradable que aproveitamos no recreo, na hora de ler, nas tardes da Flavioteca...



RUTINAS DE LECTURA. ACTIVIDADES SISTEMÁTICAS

Actividades na hora de biblioteca ou na hora de ler:

- Traballos sobre un autor ou autora ou sobre temáticas propostas polo profesorado.
- Investigación e busca de información en distintos soportes.
- Préstamo e devolución de libros e outros materiais.
- Padriños e madriñas lectores que preparan as lecturas e as fan.
- Xogos compartidos (de mesa, de montaxe, matemáticos...)
- Dende a biblioteca ofertamos ideas pero son os titores e titoras os que elixen a actividade a realizar.
- Actividades de lectura compartida.
- Quedadas lectoras co CEIP ROSALÍA.

Actividades de lectura compartida:

- Acompañamentos lectores.
- Lectura en parella ou en pequeno grupo.
- Titorización entre iguais.
- Teatro e representación de lecturas (práctica e logo visita ás outras aulas).
- Uso do Kamishibai para “fabricar libros” e para logo compartilos.
- Uso da mesa de luz, tanto para “fabricar contos” como para logo poder contalos.
- Gravacións en vídeo.
- Quedadas lectoras co CEIP ROSALÍA.



RECURSOS HUMANOS

Recursos humanos que interveñen nas actividades de fomento da lectura:

- Todos os membros do claustro escolar.
- Equipo de biblioteca: intentando achegar a biblioteca aos alumnos e realizando o seu mantemento.
- Equipos varios (Dinamización da Lingua Galega, TICs...) tentado facer actividades que fomenten a lectura: contacontos, charlas, visitas a museos...
- As familias, colaborando co centro: mochilas viaxeiras, charlas...

Membros do equipo de biblioteca:

INTEGRANTES DO EQUIPO DE BIBLIOTECA	
Alexandra Carracedo Hermida	mestra de lingua inglesa e coordinadora
Natalia Calviño Facal	mestra de educación física
Rafael Mosteiro Zapata	mestre de relixión
Nuria De León Viloría	mestra de educación musical
Olalla Mallo Serrano	mestra de educación infantil

ITINERARIOS LECTORES

- Proporanse lecturas ao redor do tema escollido este curso: "A ARTE".
- Seguirase co apadriñamento lector no centro e as quedadas lectoras fóra do centro.
- As mochilas viaxeiras volverán para primaria e para infantil, en formato semanal.
- As bolsas viaxeiras para infantil usaranse en combinación coas mochilas de cada aula.
- Haberá caixas e maletas sorpresa para visitar as aulas.
- Continuarase co préstamo e devolución na biblioteca da forma habitual.



ACTIVIDADES PROGRAMADAS

Como todos os cursos continuaremos a realizar unha serie de actividades que xa están institucionalizadas, como a catalogación, o expurgo, a posta en marcha das mochilas viaxeiras, a compra e escolla de materiais, a preparación dos axudantes de Ef (alumnos e alumnas voluntarios de 5º e 6º de primaria), o mantemento dos materiais e do blog e do instagram da Flavioteca...

PROXECTOS DOCUMENTAIS INTEGRADOS:

Dende a biblioteca apoiaremos todos os proxectos que temos na escola, pedindo opinión a especialistas que acuden o centro e aos propios compañeiros para mercar libros e outros materiais que axuden nos proxectos nos que estamos inversos.

Tamén incentivamos a visita de escritores/as, científicos/as, artistas e especialistas en distintos ámbitos e colaboramos economicamente para poder contar con estas actividades.

A biblioteca, ademais de ser un espazo de busca onde agardan os libros de traballo utilizados estes anos para os diferentes programas, é tamén un espazo onde poder realizar as diferentes actividades propostas.

A maiores do espazo propio do interior da biblioteca, contamos con recunchos que se atopan fóra da estancia e que están a disposición de todos aqueles que o precisen, como o Recanto da Luz e o Salón dos Pasos Perdidos.

Dende a biblioteca tentaremos apoiar todas as actividades e proxectos que se leven a cabo no centro. Actualmente estanse a desenvolver:

- Seccións bilingües na área de educación artística.
- Contratos programa.
- Alimentate Ben. Ademais de participar no reparto de froitas e leite, o alumnado recibe formación nutricional e de fomento de hábitos saudables por parte dun experto.
- Educación responsable.



- Formación en educación emocional e sexual. Tanto alumnado como familias e profesorado participamos de reunións con Belén Montesa.
- Plan de Benestar Emocional
- Plan de TICs

APORTACIÓNS AO PLAN DE BENESTAR EMOCIONAL

Dende a biblioteca incorporamos todos os anos materiais relacionados coa saúde emocional (libros, xogos, aparellos...) e participamos en actividades que a fomentan.

Tamén tratamos de propiciar o uso de espazos que chamen á calma, como o Recanto da Luz, que se atopa baixo o lucernario e no que hai unha alfombra de céspede e coxíns nos que relaxarse lendo, escoitando unha lectura ou tentando facer algún exercicio de relaxación. Asimesmo propoñemos tamén zonas e cousas que compartir para desenvolver as relacións cos demais: xogos de mesa e de construción, lecturas colectivas, lecturas no patio (os libros ao sol), búsquedas en equipo con xogos de pistas...

APORTACIÓN PARA AS TICS

Contamos con diversos materiais á disposición do profesorado e do alumnado:

- Tablets: que poden ser levadas as aulas para traballar en grupos reducidos ou en diferentes espazos.
- Robots e un dron.
- Un croma: usado para a realización de vídeos e traballos.
- Unha mesa de luz portátil e fácil de manexar, moi utilizada para facer libros interactivos.
- Ordenadores de mesa: para buscar información sobre diversos temas, escoitar música, empregar a xogos didácticos, visitar o blog e deixar comentarios nel, realizar traballos...



- O blog da Flavioteca é un medio que seguiremos usando, xa que axuda a mostrar os traballos dos alumnos/as, tratar de atraelos cara lecturas e contidos culturais e sociais relevantes e achegar a biblioteca ás familias.
- O Instagram da Flavioteca é a forma de espallar a nosa biblioteca a través das redes sociais. Amosamos alí traballos feitos polos alumnos/as e as novidades que aparecen na biblioteca.

ACTIVIDADES PUNTUAIS:

Ademais das actividades propias do equipo de biblioteca, durante todo o curso programaranse as seguintes actividades de forma coordinada cos distintos equipos do centro:



1º TRIMESTRE

<u>SETEMBRO</u>	<ul style="list-style-type: none">• Benvida: decoración do Salón dos Pasos Perdidos e saúdo no blog da Flavioteca.• Día 21: Día Mundial do Alzheimer: contido compartido no blog.• Día 26: Día europeo das linguas: traballo no blog e nas aulas.
<u>OUTUBRO</u>	<ul style="list-style-type: none">• Samaín e magosto: exposición de libros da biblioteca sobre o tema.• Contacontos de medo: os axudantes de Ef irán visitar outras aulas.• Visita dun escritor: Anxo Moure.• Mostra de cabazas. Colgarase no blog unha reportaxe.• Festa do Samaín e magosto: poden vir disfrazados.• 24 de outubro: Día da biblioteca. Aniversario de Ef.
<u>NOVEMBRO</u>	<ul style="list-style-type: none">• Mes da ciencia en galego: traballos de aula e exposición no Salón dos Pasos Perdidos.• Día das librarías: contido no blog.• Día 25: Día Internacional contra a Violencia de Xénero. Participarase no certame de debuxo do concello de Padrón.
<u>DECEMBRO</u>	<ul style="list-style-type: none">• 3 de decembro: Día internacional das persoas con discapacidade (traballo en relación con PT).• Día 10: Día Internacional dos Dereitos Humanos. Haberá contido no blog para ver nas aulas.• Nadal: Exposición de libros da biblioteca sobre o tema. Motivos navideños con material reciclado (usaranse libros estropeados)



	dados de baixa da biblioteca). Campanadas nas aulas.
<u>2º TRIMESTRE</u>	
<u>XANEIRO</u>	<ul style="list-style-type: none">• Día da Paz: 30 de xaneiro. Exposición de libros da biblioteca sobre o tema. Traballo sobre a paz, exposición e reportaxe.• Día 30: Día da Ilustración e aniversario de Castelao. Contidos no blog.
<u>FEBREIRO</u>	<ul style="list-style-type: none">• Día 13: Día Mundial da Radio. Contido no blog para usar nas aulas.• ENTROIDO: do 20 ao 22. Mandados do Meco ao longo da semana anterior. Festa de disfraces o venres 17. Exposición de libros da biblioteca sobre o tema e reportaxe no blog.• 21 de febreiro: Día da Lingua Materna. Traballo no blog.• O 23: Día de ROSALÍA. Exposición e traballos.
<u>MARZO</u>	<ul style="list-style-type: none">• 8 de marzo: Día da muller. Exposición de libros e outros materiais.• SEMANA DA PRENSA: co tema central da arte. Traballo nas aulas.• 21 de marzo: Día Mundial da POESÍA. Traballos e exposición. Reportaxe no blog.• 27 DE MARZO: Día Mundial do TEATRO. Traballo no blog da biblioteca para aproveitar nas aulas.
<u>3º TRIMESTRE</u>	



<u>ABRIL</u>	<ul style="list-style-type: none">• Día 2: Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil. Recollerarse no blog.• 23 DE ABRIL: Día do Libro, traballos de aula e dende a biblioteca exposición de libros e propostas de traballo.• Arteflavia! Reciclaxe de libros vellos para facer talleres artísticos.
<u>MAIO</u>	<ul style="list-style-type: none">• Día 17: Letras Galegas, adicadas a Francisco Fernández Del Riego. Exposición dos carteis enviados pola Consellería. Traballo nas aulas coa “Primavera das Letras” e reportaxes no blog. Especial sobre a editorial Galaxia e o mundo editorial galego.
<u>XUÑO</u>	<ul style="list-style-type: none">• Día 6: Día Mundial do Medioambiente. Recollerase no blog para as aulas.• Despedida: festa e actividades de fin de curso.

RECURSOS MATERIAIS:

- Libros de todas as liñas: narrativa, poesía, teatro, banda deseñada, libros de consulta... sempre divididos en etapas de lectura (prelectores, primeiros lectores, lectores autónomos e libros para adultos) e seguindo a CDU.
- Medios tecnolóxicos: ordenadores, tablets, cds, filmes, cámaras, croma, mesa de luz, robots, dron...
- Usamos o PROXECTO MEIGA para o empréstimo, devolución e catalogación dos libros. Este curso cambiarase polo KOHA.
- Xogos de mesa, de construción, matemáticos, de estimulación da linguaxe...



- Mobiliario: estanterías, mesas de traballo, mesas de ordenador, carriños de devolución e para xogos, paneis informativos, caixas grandes de cores para transportar libros ás aulas, facer actividades e gardar diversos materiais.
- Material funxible e non funxible para realizar tarefas na biblioteca: material de papelería diverso, pezas para servir de molde, pezas para a mesa de luz e o Kamishibai elaborado no centro fai varios cursos...

LER EN FAMILIA

- Pretendemos achegarnos ás familias a través dos recunchos de lectura repartidos polo centro escolar onde os pais e nais poden atopar “cachiños de” libros e ler mentres esperan a ser atendidos polo titores.
- Tamén buscamos a complicidade das familias ao gravar e documentar actividades que suceden no ámbito escolar para compartilas no blog, nas aulas virtuais e na web do centro. É unha maneira de facelas partícipes do que acontece na xornada escolar.
- Prográmanse tamén distintas actividades tendo en conta ás familias, para a lectura e a escoita nas casas, tales como maletas, mochilas e bolsas viaxeiras e pequenas tarefas para facer en conxunto.

SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

A avaliación será continua. Os **criterios de avaliación** serán os seguintes:

- Realización dos obxectivos propostos.
- Uso dos recursos da biblioteca escolar, especialmente dos novos.
- Implicación e satisfacción do profesorado, alumnado e familias.
- Colaboración efectiva cos outros equipos e cos proxectos do centro.
- Adecuación das actividades e do tempo dedicado ás mesmas.
- Valoración dos usuarios á hora de ter en conta as súas preferencias.



- Revisión do índice de participación nas actividades colectivas.
- Análise da cooperación con outras entidades do entorno relacionadas co ámbito da biblioteca escolar: outras bibliotecas, concello, librarías,...

Os **instrumentos de avaliación** serán a observación directa por parte dos membros do equipo de biblioteca e as propostas de mellora recollidas na caixa de suxestións; así como as listas de control específicas para a autoavaliación (cubertas polo propio equipo) e a heteroavaliación (cubertas polos usuarios) e os rexistros de empréstitos e a comparativa real cos resultados dos cursos anteriores.

Gustaríanos que todos os usuarios e usuarias acadaran os seguintes obxectivos:

- Ler con regularidade e desenvolver o criterio lector e o gusto pola lectura.
- Consultar textos en diferentes soportes co fin de seleccionar información relevante e incorporala ás propias producións, especialmente en traballos de ámbito académico, tendo en conta as posibilidades que ofrecen as TIC.
- Extraer a intención comunicativa, o tema, as ideas principais e os datos relevantes de diferentes textos orais e escritos de distintos ámbitos.
- Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as normas de uso lingüístico para resolver problemas de comprensión e para compoñer e revisar os textos propios.
- Expoñer opinións e reflexións sobre lecturas e compartilas.
- Acceder a internet para a utilización de servizos básicos: navegación para a localización de información, comunicación no grupo e publicación da información.
- Realizar traballos individuais e en grupo utilizando as distintas fontes de información.
- Colaborar na realización de proxectos e actividades de distintos ámbitos desenvolvidas no centro que requiran nunha organización de forma cooperativa.
- Recoñecer a biblioteca como eixo imprescindible para a organización da actividade pedagóxica do centro.



6. EQUIPO DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS

O artigo 75 do **Decreto 374/1996 do 17 de Outubro** establece entre as funcións elaborar a programación, para a que se terá en conta as propostas dos equipos, dos mestres e os pais.

OBXECTIVOS

Favorecer a consecución doutros obxectivos como son:

- Integrar aos alumnos/as no centro
- Fomentar a interdisciplinaridade
- Fomentar a capacidade de organización, a responsabilidade e a autonomía
- Conxuntar de forma global a diversión e a educación
- Aproveitar os recursos que nos ofrece o entorno
- Promover a participación activa

CONMEMORACIÓNS E CELEBRACIÓNS

De acordo co establecido na **ORDE do 20 de maio de 2022** pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia, o Anexo I recolle que durante o curso escolar se celebrarán, como mínimo, as seguintes conmemoracións:

● 20 de novembro	● Día Universal da infancia
● 25 de novembro	● Día Internacional contra a violencia de xénero
● Do 30 de novembro ao 7 de decembro	● Constitución e Estatuto de Autonomía
● 3 de decembro	● Día Internacional das persoas con discapacidade
● 10 de decembro	● Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos
● 24 de xaneiro	● Día Internacional da



	Educación
• 30 de xaneiro	• Día escolar da Non Violencia e da Paz
• 23 de febreiro	• Día de Rosalía de Castro
• 8 de marzo	• Día Internacional da Muller
• 15 de marzo	• Día Mundial dos Dereitos do Consumidor
• Do 6 ao 10 de marzo	• Semana da Prensa
• 1 de abril	• Día das Artes Galegas
• 7 de abril	• Día Mundial da Saúde
• Do 17 ao 21 de abril	• Semana do Libro
• 2 de maio	• Día Internacional contra o Acoso Escolar
• 9 de maio	• Día de Europa
• Do 15 ao 19 de maio	• Semana das Letras Galegas
• 5 de xuño	• Día Mundial do Medio Ambiente


- No seu momento determinarase o tipo de agrupamento (na propia aula, por ciclos, ou todo o alumnado).
- Na medida do posible participarase tamén noutras actividades que xurdan ao longo do curso achegadas por distintas entidades ou organismos, as organizadas pola ANPA, sempre e cando se consideren oportunas e de interese, e se poidan levar a cabo dun xeito eficaz.
- A **Orde do 22 de Xullo de 1997**, que desenvolve o decreto de regulamento orgánico, recolle no capítulo IX referente a estas actividades o seguinte:
- Cando, excepcionalmente, se organicen actividades complementarias ou extraescolares non previstas na programación xeral anual, será necesaria a aprobación polo equipo directivo, dando conta ao consello escolar.



-
- Para levalas a cabo fora da localidade, requirirá:
 - Aprobación do consello escolar
 - A autorización escrita dos pais/nais
 - Un mestre/a por cada unidade
- En canto á realización de fotografías requirirase, tal e como establece o actual **protocolo de protección de datos**, o consentimento, particularmente no caso de imaxes, non pode ser xenérico, é dicir, que haberá de recadarse para cada fin concreto.



PROXECTO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA



INDICE :

1.- INTRODUCCIÓN

2.- FOMENTO DO USO DA LINGUA EN RELACIÓN O PROXECTO DE CENTRO.

3.-SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA DA COMUNIDADE EDUCATIVA

3.- OBXECTIVOS XERAIS (Centro, profesorado, alumnado..)

4.- ACTIVIDADES DO DURSO 2022-23

5.-FORMACION DO EQUIPO EDL



1.-INTRODUCCIÓN

O Plan xeral de normalización da lingua galega establece como un dos seus obxectivos xerais conseguir para a lingua galega máis funcións sociais e máis espazos de uso, e dálle prioridade á súa presenza en sectores estratéxicos.

Para conseguir estes fins, cómpre afondar no desenvolvemento dos preceptos da Lei de normalización lingüística no tócate ao ensino, sen dúbida un sector fundamental para a implantación de hábitos lingüísticos en galego, e establecer unha nova regulamentación do galego que facilite o seu emprego de xeito progresivo e xeneralizado en todos os niveis e graos non universitarios. Neste sentido, cómpre reforzar a dimensión comunicativa do galego en relación con contextos vivos, facilitarlle ao alumnado unha oferta educativa que lle axude a percibir a utilidade da lingua e que o capacite para o seu uso correcto e eficaz, erradicando especialmente o seu emprego sexista en todos os ámbitos e respectando, así mesmo, a situación sociolingüística no que se enmarca cada centro.

Dende o noso centro pretendemos fomentar o uso do galego mediante o proxecto que se expón deseguido tendo en conta as leis vixentes.

FOMENTO DO USO DA LINGUA GALEGA E RELACIÓN CO PROXECTO DO CENTRO

- ❖ Tomar conciencia do valor da nosa lingua e cultura, e a importancia da noso benestar físico e emocional.
- ❖ Reflexionar sobre a importancia de coñecer, conservar e respectar a nosa lingua como parte fundamental da cultura da nosa comunidade.
- ❖ Fomentar o uso da lingua galega nos diversos ámbitos escolares e familiares.



.2.OBXECTIVOS

2.1. Contorno sociolingüístico do centro.

- ✓ Promover actividades culturais, de participación e promoción do uso do galego,
- ✓ tanto na escola coma en toda a comunidade educativa. Realización de actividades
- ✓ que teñan como marco as celebración das festas do ciclo anual (Samaín,
- ✓ Magosto ,Nadal., Entroido, Día de Rosalía, Letras Galegas, fin de curso etc...)
- ✓ Contribuír a que a nosa lingua sexa un vehículo de comunicación normal en todos
- ✓ os ámbitos da vida académica do profesorado, alumnado e demais persoal.
- ✓ Organizar actividades para potenciar o uso da lingua galega fóra do centro, fomentando unha implicación activa dos distintos membros da Comunidade Educativa (pais, profesorado, alumnado e persoal de administración e servizos), Institucións, entidades e asociacións externas ao centro (Biblioteca Municipal, Concello, asociacións culturais, escolas deportivas, etc.)
- ✓ Coñecer e difundir aspectos diferentes aspectos do noso patrimonio cultural.

2. 2. Profesorado

- Mellorar a competencia en comunicación lingüística en lingua galega do profesorado.
- Participar nas actividades propostas en colaboración coa Biblioteca escolar, favorecendo o seu uso para buscar información, ler, entreterse, aprender, ...
- Fomentar a participación nas actividades deseñadas conxuntamente co Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares.
- Integrar o uso das Tecnoloxías da Información e da Comunicación naquelas tarefas máis axeitadas para o mesmo.

2.3. Alumnado

- ✚ Empregar a lingua galega de forma correcta, valorándoa e respectándoa.
- a) Aprender a participar nunha cultura propia.



- b) Realizar actividades que permitan un maior coñecemento da historia, costumes, cultura e tradicións galegas.
- c) Potenciar o uso do galego a nivel oral entre o alumnado.
- d) Salientar o día de Rosalía de Castro e o día das Letras Galegas como homenaxe á nosa lingua.
- e) Traballar de xeito lúdico a Lingua Galega dende idades temperás.
- f) Empregar as novas Tecnoloxías para a procura e información.
- g) Recuperar e fomentar as festas, tradicións, costumes ... propios da zona e de toda a comunidade galega salientando a súa vertente normalizadora e achegando ao alumnado á cultura do país no que vive.
- h) Dinamizar actividades tendentes á recuperación da lingua oral: lendas, contos, adiviñas, xogos e dramatizacións.
- i) Fomentar o gusto pola lectura en galego entre o alumnado e a comunidade escolar, dando a coñecer a obra literaria nesta lingua.
- j) Valorar e estimar a lingua galega como lingua propia como mostra de identidade de Galicia e recoñecer a existencia da diversidade lingüística como feito enriquecedor.

2.4. Centro

Este curso temos como tema principal RODEADOS DE ARTE. O tema escolleuse pola estrea das seccións bilingües de “arts and crafts” en quinto de educación primaria. A través do arte os alumnos/as desenvolverán estratexias de compañerismo, cooperación, empatía, e dende o Equipo de Dinamización e Normalización Lingüística contribuiremos tamén ao mesmo perseguindo os seguintes obxectivos:

- ❖ Concienciar, valorar e usar a lingua galega en todos os ámbitos da vida cotiá.
- ❖ Toma de conciencia da importancia de coñecer, respectar e conservar a nosa lingua como parte fundamental da cultura da nosa comunidade.
- ❖ Tomar conciencia do estado físico e emocional e a importancia da saúde dende moi xóvenes.

Ademais destes obxectivos, a nivel de centro perséguese estes outros:

- Realizar actividades en determinadas conmemoracións ou festas que teñan lugar no colexio, tendo como punto de partida determinados centros de interese e o emprego



- da Lingua Galega: Magosto, Nadal, Día da Paz, Entroido, Día do Libro, Semana das Letras Galegas, Fin de curso, etc., implicando activamente a tódolos sectores da Comunidade Educativa (ANPA, persoal non docente, pais/nais, alumnado...)
- a) Realización de proxectos de carácter plurianual ou puntuais que sirvan como apoio no fomento do galego nas diversas áreas, poñendo especial fincapé no orixinalidade das propostas.
 - b) Potenciar a participación de toda a comunidade educativa na celebración de festas tradicionais.
 - c) Implicar ás familias na maioría das actividades de recuperación cultural en galego.
 - d) Implicar ás familias na celebración das festas tradicionais
 - e) Solicitar a colaboración das familias nas actividades de recolleita de información para a elaboración de producións propias (refraneiros, adiviñas, receitairos...)
 - f) Coñecer e difundir aspectos diferentes do noso patrimonio cultural.
 - g) Potenciar a participación de toda a comunidade educativa na celebración de festas tradicionais.
 - h) Colaborar co Concello na realización de determinadas actividades.
 - i) Utilizar, promover e divulgar a lingua galega en todas as actividades que se leven a cabo no Centro.
 - j) Traballar cara a consecución dunha boa competencia en comunicación lingüística en lingua galega.
 - k) Promover a lectura, fala, comprensión e escritura na lingua propia da nosa Comunidade.
 - l) Seguir promovendo a escrita en galego en todas as comunicacións que saian do centro, así como toda a documentación empregada a nivel interno.
 - m) Valorar a historia e cultura propias deseñando programas de coñecemento das mesmas.
 - n) Manter informada á comunidade educativa de acontecementos vinculados coa cultura galega na zona: exposicións, festexos, revistas, concursos...
 - o) Dotar ao centro dos materiais curriculares axeitados para o coñecemento da lingua e cultura galegas.



- p) Dotar á biblioteca e ás aulas de materiais informáticos e audiovisuais en galego, e promover o seu uso.
- q) Fomentar o uso das TICs empregando o galego.
- r) Potenciar a valoración positiva do uso do idioma galego por parte de todos os membros da comunidade educativa.
- s) Posibilitar a integración do alumnado que non posúa coñecemento suficiente da lingua predominante, atendendo á inmersión lingüística do alumnado inmigrante se o houbera.
- t) Manter e promover relacións abertas co concello
- u) Potenciar a visión do Equipo de Dinamización da Lingua Galega como órgano de coordinación docente e dar visibilidade explícita ás súas actuacións.
- v) Informar e implicar ás familias no proceso dinamizador e normalizador.
- w) Promocionar as festas tradicionais galegas.
- x) Promover o coñecemento da contorna inmediata: características do medio natural, historia, arte, xeografía.

6.3. ACTIVIDADES XERAIS E RELACIÓN COS OBXECTIVOS.

- Empregar a lingua galega en rótulos, carteis, anuncios, comunicados, avisos, páxina web, blogs... (V, A, S)
- Realizar de investigacións sobre historia, lendas, patrimonio etnográfico da nosa contorna. (Y, D, C, F)
- Informar ao profesorado en xeral sobre lugares de interese na nosa contorna e programar visitas para estes. (U, G,)
- Revisar e corrixir comunicados, cartas, etc. por parte do Equipo de Dinamización da Lingua Galega, cando así o requira o equipo directivo, ANPA, titores/as... co fin de adaptalos á normativa oficial. (J, K)
- Asistir a concertos didácticos e obras de teatro que promocionen o uso do galego. (U, G),.
- Recuperar de xogos populares. (C, D)
- Realización de actividades de contacontos, por parte dos propios nenos, os os seus pais ou os avós. (K, L, F)



- Ampliar dos fondos da biblioteca, procurando unha literatura en galego atractiva para os nenos/as. (R, P)
- Realizar de actividades en galego utilizando distintos programas informáticos. (R, P)
- Continuar actualizando a páxina web do colexio, informando nesta sobre aspectos da dinamización e normalización lingüística. (R)
- Recompilar de cantigas, contos, lendas, ditos, refráns, sortes,(Y, D, F, B, A).
- Publicar no blog de dinamización lingüística o traballo realizado e darlle difusión.

6.3 Actividades relacionadas cos obxectivos propostos

O longo do curso colaborarase cos departamentos de Biblioteca, Actividades Extraescolares e TICs na posta en práctica das diferentes celebracións que se leven ao longo do curso.

RELACIÓN DAS ACTIVIDADES CO PROXECTO DE CENTRO

Este ano as actividades programadas van ir enfocadas a un tema común en todo o centro “RODEADOS DE ARTE” que englobará temas relacionados co el compañerismo, a empatía, as emocións, o arte como vínculo de unión cas nosas emocións. Este curso comenzamos un novo camino cunha sección bilingüe en artes plásticas en quinto curso, que será un vinculo de unión con este proxecto ao longo do curso.

Dacordo co calendario escolar acordase realizar unha serie de propostas de actividades que se irán concretando en coordinación co restos dos equipos de biblioteca e actividades extraescolares, e tics, para non duplicar actividades.

Ademáis a nivel de centro estamos involucrados en diversos proxectos como:

- Alimentate Ben.”FAI UN CLIC OU TEU BOCATA”
- Alimentate ben : froitas e leite
- Educación responsable. (5º curso de traballo)
- Benestar emocional
- Formación en educación emocional e sexual. Belén Montesa, reunións con alumnos e familias.
- Obradoiros e charlas
- Plan de dixitalización



- **Obxectivos xerais:**

- Realizar estudio do contorno sociolingüístico de centro
- Continuar coa dinamización dos blogs iniciados en cursos anteriores.
- Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e a non discriminación das persoas con discapacidade ou por outras razóns. **(d)**
- Usar representacións e expresións artísticas e iniciar a construción de propostas visuais e audiovisuais. **(j)**
- Fomentar a implicación das familias no desenvolvemento das actividades que se leven a cabo ao longo do curso no centro.
- Fomentar o hábito lector e o gusto pola lectura levando a cabo actividades de dinamización da nosa lingua.
- Entroido: festa, desfile, baile e degustación de sobremesas típicas da época.
- Día das Letras Galegas: traballaremos a obra de Rosalía a través de unidades didácticas, dacordo coas idades dos alumnos/as. Intentaremos traer unha escritora, ilustradora ou contacontos para ese día.
- Ao longo do curso tamén se traballarán e fomentarán actividades relacionadas co tema da saúde , o benestar físico e emocional, a alimentación, o exercicio físico
- Espazo da páxina web ou blog: o Equipo de Dinamización da Lingua Galega
- Participará na difusión de actividades que se vaian desenvolvendo a través da mesma.
- Outros proxectos que se realicen nas aulas.

Listado das actividades para o curso 2022-23

- **Actividades:**

Realizaremos as seguintes actividades que conmemoran as datas que están coa dinamización da nosa lingua, tamén colaboraremos cos diferentes departamento de Bibliotecas, Extraescolares ,TICS, e co centro, na posta en práctica das diferentes celebración que se leven a cabo o longo do curso e centrándonos especialmente no tema do curso RODEADOS DE ARTE



TEMPORALIZACIÓN	ACTIVIDADE	EQUIPOS	DESTINATARIOS
SETEMBRO	Estudio sociolingüístico do CEIP Flavia .	EDL	Todo o alumnado do centro
MES DE OUTUBRO SAMAIN E MAGOSTO	Decoración de pasos perdidos con un cartel e exposición de cabazas : tema RODEADOS DE ARTE “ARTEFLAVIA” Decoración das clases e portas . Realización da unidade didáctica sobre o magosto. Realización de contos ou poemas sobre o Samaín e Magosto Realizar unha escolla de contos de medo tradicional para ler na clase e colgar na páxina web. Os alumnos de 5º e 6º lerán os alumnos de infantil contos de medo e irán disfrazados. no plan lector. O día 28 de outubro, remataremos a festa do magosto-samaín cunha castañada no patio para todo o alumnado .	EDL EXTRAESCOLARES BIBLIOTECAS TICS	Todo o alumnado do centro
NOVEMBRO	Mes da ciencia. mes da ciencia en galego. Realizaranse actividades en relación a distintas ARTISTAS GALEGAS na ciencia, e no arte (pintura, escultura, danza , música....	EDL TICS BIBLIOTECA ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES	Todo o alumnado do centro



	Traballos de aula e exposición nos pasos perdidos.		
NOVEMBRO	<p>25 DE NOVEMBRO: “DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO”.</p> <p>Participar no certame de debuxo do concello de Padrón sobre a violencia de xénero .</p> <p>Decoración do salón de pasos perdidos</p> <p>* Seleccionar unha canción para todo o centro e cantar fora e gravar video</p> <p>-Charlas en 5º e 6º.: Obradoiros de igualdade e educación emocional e sexual : BELEN CONTESA</p> <p>OUTONO</p> <p>-Contacontos para EI e EP de Anxo Moure (sobre o outono)</p>	EDL BIBLIOTECA TICS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES	
DECEMBRO MES DE NADAL	<p>DECORACIÓN DO SALÓN DE PASOS PERDIDOS CON “ARTEFLAVIA”.</p> <p>FACER CARTEIS , POSTAIS , ESCULTURAS, O NADAL CON ARTE (UTILIZANDO TODO TIPO DE MATERIAIS PARA A DECORACIÓN especialmente material de refugallo.</p> <p>ARTENADAL NO FLAVIA</p> <p>*Escoller a postal de Nadal (poderase facer un colaxe con todos os traballos).</p> <p>Decorar o Salón con motivos Navideños traballos libremente con colaxe, reciclados, sprays, pinturalibre co tema do deste</p>	EDL BIBLIOTECAS TICS EXTRAESCOLARES	Todo o alumnado do centro



	<p>ano que é ARTEFLAVIA</p> <p>Nadal: Recompilacións de panxoliñas en galego da comarca do Sar.</p> <p>Gravar un video cantando e bailando unha panxoliña de “artenadal” (un rap ou arte urbano)</p> <p>-Enviar as postais (á casa, residencia de maiores...)</p> <p>-Badaladas</p> <p>-Pixamada.</p> <p>Remataremos esta festa cunha chocolatada e as campanadas</p>		
XANEIRO	<ul style="list-style-type: none"> • 30 de xaneiro DÍA DA PAZ. • Decorar o salón de pasos perdidos <p>Tema : ARTEFLAVIA E A PAZ</p> <ul style="list-style-type: none"> • FACER UN GRAN CARTEL CO TEMA DA PAZ ONDE TEN QUE DESTACAR O ARTE. <p>Cada nivel centrarase nunha arte diferente.</p>	EDL DEPARTAMENTO DE MÚSICA BIBLIOTECA EXTRAESCOLARES	Todo o alumnado do centro
FEBREIRO MES DE ROSALÍA DE CASTRO	<ul style="list-style-type: none"> • 21: Día das lingua Materna: traballo no blog e traballo centrado no DÍA DE ROSALIA. • Realización de unidades didácticas para estudio da obra e vida de Rosalía, por cursos (1º-2º) (3º-4º) (5º-6º) • O 23 día de ROSALÍA: exposición e traballos. 	EDL EXTRAESCOLARES BIBLIOTECAS TICS	Todo o alumnado do centro



	<ul style="list-style-type: none"> • Día de Rosalía: EXPOSICIÓN DE CARTELES COA IMAXEN DE ROSALIA REALIZADOS POR CADA CURSO, en diferentes materiais. e cunha poesía de Rosalía. Pódese utilizar todo tipo de materiais na súa realización. • Debuxar a figueira de ROSALIA E OS FIGOS COS POEMAS . • DECORACIÓN DO PATIO EXTERIOR CO ROSTRO DE ROSALÍA (SPRAY: 😊) FACEMOS ARTE • Como agasallo entregaráselle unha chapa de Rosalía de Castro a cada alumno/a. OU camiseta 		
FEBREIRO ENTROIDO	<ul style="list-style-type: none"> • Facer os disfraces de ARTEFLAVIA • Así como unha degustación de receitas de Entroido por parte de todo o centro . • Estudiar o Entroido en Galicia "peliqueiros de Laza" "Cigarróns de Verín" Pantallas de Xinzo, "xenerais do Ulla" Boteiros de Viana" . • Realizar máscaras representativa deste entroido cigarróns ou peliqueiros e un traxe coas súas partes . 	EDL Actividades extraescolares BIBLIOTECA TICS	Todo o alumnado do centro
MARZO	<ul style="list-style-type: none"> • MES DA MULLER A NENA E A CIENCIA 	EDL EXTRAESCOLARES	Todo o alumnado do



	<ul style="list-style-type: none"> 8 de marzo, día da muller: Realizaranse actividades referidas a mulleres que destacaron no ARTE pintura, escultura, canción, teatro, música, danza , asi como na ciencia. Cada aula elixirá unha destas mulleres e estudarala. 	BIBLIOTECAS TICS	centro
MARZO	<p>21 DE MARZO SEMANA DA PRENSA: Analizaranse o longo do mes de marzo as noticias relacionadas CO ARTE .O alumnado/a que participa na prensa da escola programa LA VOZ DE GALICIA. Farán unha noticia e publicarse no blogs tema “RODEADOS DE ARTE”.</p>	EDL BIBLIOTECA TODO O PROFESORADO	Todo o alumnado do centro
ABRIL	<p>23 DÍA DO LIBRO</p> <ul style="list-style-type: none"> PREPARAR NO SALÓN DE PASOS PERDIDOS UN <u>TALLER DE ARTEFLAVIA</u> <p>Durante o mes de abril os alumnos/as poderán pasar no recreo ou nas clases de plástica polo taller de ARTEFLAVIA. Haberá diferentes talleres de pintura, debuxo libre, colaxe, papiroflexia..., escultura (barro e plastelina, reciclar libros vellos...</p>	EQUIPO DE BIBLIOTECAS EDI EXTRAESCOLARES	Todo o alumnado do centro
MAIO	<p>SEMANA DAS LETRAS GALEGAS : adicado 2023 a :FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO</p> <ul style="list-style-type: none"> Concurso de carteis sobre as LETRAS GALEGAS. Cada curso fará un 	EDL BIBLIOTECA TICS EXTRAESCOLARES	Todo o alumnado do centro



	<p>cartel conmemorativo das letras galegas que se exporán no salón de pasos perdido .</p> <ul style="list-style-type: none"> • Exposición dos carteis enviados pola Consellería DE FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO. • Exposición de carteis realizados polos alumnos/as, cun slogan para o uso e formento da lingua galega • Unidades didáticas sobre a figura de Francisco Fernández Riego. • Mercar libros sobre FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO. 		
XUÑO -FIN DE CURSO	<p>O día 6 de xuño é o DIA MUNDIAL DO MEDIOMBIENTE</p> <ul style="list-style-type: none"> • Cada curso realizará un cartel sobre unha árbore do noso contorno ou do patio escolar: Debuxo, características, froito, nome tradicional e científico <p>Semana dos xogos populares : chave, bolos,estornela....</p>		<p>Todo o alumnado do centro</p>

Ao rematar cada trimestre realizaremos unha revisión das actividades e as posibles modificacións.

Plan de bienestar emocional:

Dende a o equipo de dinamización da lingua apoiaremos todos os proxectos que temos no centro, facendo especial fincapé naquelas actividades de desenvolvemento do uso da lingua galega tanto oral como escrito. Así como na lectura e estudio da nosa lingua Utilizaremos o blog FLAVIOLINGUA, para o desenvolvemento e a divulgación de todos os traballos, así como suxerencias por parte de toda a comunidade educativa.



COMPOSICIÓN DO EQUIPO: O equipo de dinamización da lingua do CEIP FLAVIA, durante o curso

2022-23, está formada polos seguintes membros :

LUCÍA FROIS REFOJO : COORDINADOR DO EDL

TERESA SIXTO REY -SUBSTITUTA CRISTINA DÍAZ FERNÁNDEZ

JOSÉ CARLOS SECA VIJANDE

ISABEL OLIVEIRA RUZO

PATRICIA MOSQUEIRA VIDAL

YOLANDA BERDULLAS RODRÍGUEZ -SUSBTITUTO: RAMÓN GARCÍA SESTAYO

BELEN CASAL PERNAS

As reunións do equipo de dinamización da lingua celebraranse o primeiro martes de cada mes e reunións extraordinarias si son necesarias para datas concretas.



PLAN DE ORIENTACIÓN

CEIP FLAVIA

CURSO 2022 - 2023



ÍNDICE

1.- INTRODUCCIÓN

2.- XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO.

2.1.- CONTEXTO LEGAL.

2.2.- DATOS DE IDENTIFICACIÓN.

2.3.- COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO.

2.4.- CONTEXTO DO CENTRO.

2.4.1.- A experiencia acumulada no noso Centro.

2.4.2.- As demandas da Comunidade Educativa.

3.- ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN

4.- OBXECTIVOS XERAIS

4.1.- OBXECTIVOS REFERIDOS Ó CENTRO

4.2.- OBXECTIVOS REFERIDOS Ó PROFESORADO

4.3.- OBXECTIVOS REFERIDOS Ó ALUMNADO

4.4.- OBXECTIVOS REFERIDOS ÁS FAMILIAS

5.- PLANIFICACIÓN XERAL E DEFINICIÓN DE ACCIÓNS PRIORITARIAS

5.1.- DETECCIÓN E AVALIACIÓN DAS N.E.E. DO ALUMNADO

5.1.1 PROCESO NA TOMA DE DECISIÓNS NA ATENCIÓN DE

ALUMNOS CON NECESIDADES

5.1.2 ORGANIZACIÓN DO APOIO

5.1.3 PROTOCOLO COVID PARA AS AULAS DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA E

AUDICIÓN E LINGUAXE

5.1.4 PROGRAMA DE BENESTAR EMOCIONAL

5.1.5 AVALIACIÓN DO ALUMNADO



6.- RECURSOS

6.1.- RECURSOS HUMANOS

6.2.- RECURSOS MATERIAIS

7.- METODOLOXÍA

8.- CENTROS ADSCRITOS

9.- CRITERIOS DE SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

10.- CALENDARIO DE REUNIÓN

10.1.- CALENDARIO SEMANAL XEFA DPTO. ORIENTACIÓN

11.- ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN

11.1.- TÁBOA I

11.2.- TÁBOA II

11.3.- TÁBOA III

11.4.- TÁBOA IV



1.- INTRODUCCIÓN

A lexislación educativa vixente outórgalle á función orientadora un papel relevante con decisiva incidencia na calidade dos procesos que se desenvolven no labor educativo:

1. No conxunto da etapa, a orientación e a acción tutorial acompañarán ao proceso educativo individual e colectivo do alumnado. Asimesmo, se fomentará na etapa o respecto mutuo e a cooperación entre iguais, con especial atención á igualdade de xénero.(Artigo 18 da Lei Orgánica 3/2020 do 29 de decembro pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006 do 3 de maio de educación).
2. A orientación educativa e profesional é un dos factores que favorecen a calidade da ensinanza, aos que os poderes públicos prestarán unha atención prioritaria (segundo lexislación vixente).
3. A orientación educativa, académica e profesional do alumnado debe estar en colaboración cos servizos ou departamentos especializados (segundo lexislación vixente).

Nesta liña, queremos para o noso centro unha orientación que incida sobre a comunidade educativa no seu conxunto (alumnado, profesorado e familias), que atenda aos problemas e dificultades de aprendizaxe e preste apoio e asesoramento ante a diversidade de retos cos que se enfrenta a escola, animando e impulsando a súa acción, as relacións entre os seus elementos e co entorno contribuíndo, en definitiva, á mellora da calidade dos procesos que se desenvolven nela e, conseguintemente, da acción educativa.

O Plan de Orientación é o instrumento pedagóxico - didáctico que articula, a medio e longo prazo, as actuacións relacionadas coa orientación. Pero esta planificación non pode facerse de maneira illada, é parte da organización pedagóxico - educativa do centro é, consecuentemente, debe encadearse coa actividade e estrutura xeral deste. O Plan de Orientación conforma pois, un epígrafe propio do Proxecto Educativo como documento que planifica e estrutura a acción orientadora dos equipos docentes e do centro educativo no seu conxunto, con especial incidencia na atención á diversidade, na orientación persoal e académica e na acción titorial, sendo o Departamento de Orientación o responsable de elaborar a proposta do mesmo de acordo coas directrices establecidas polo Claustro de profesores e a Comisión de Coordinación Pedagóxica.

2. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO



2.1. CONTEXTO LEGAL

2.1.1 NORMATIVA

- Lei Orgánica 3 / 2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio de Educación (LOMLOE).
- Decreto 105/ 2014 , do 4 de setembro (D.O.G. do 9 de setembro) polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 155/2022 do 15 de setembro (D.O.G. do 26 de setembro de 2022) polo que se establecen a ordenación e o currículo de Educación Primaria (1º, 3º e 5º) na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Real decreto 943/2003, de 18 de xullo, polo que se regula as condicións para a flexibilizar a duración dos diversos niveis e etapas do sistema educativo para os alumnos superdotados intelctualmente.
- Orde 9 de xuño de 2016 , (D.O.G. do 10 de xuño) polo que se regula a avaliación e promoción en educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e a Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e bacharelato no sistema educativo de Galicia o seguinte derogación que nos afecta:
 1. Os artigos 2, 3 e 6 da Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 374/1996 de 17 de outubro (D.O.G. do 21 de outubro) polo que se aproba o Regulamento Orgánico das escolas de Educación Infantil e dos Colexios de Educación Primaria.
- Decreto 120/1998 , do 23 de abril (D.O.G. do 27 de abril) polo que se regula a Orientación Educativa e Profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde 24 de xullo de 1998 (D.O.G. do 31 de xullo) pola que se establece a Organización e funcionamento da Orientación Educativa e Profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 229 / 2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia .
- Decreto 8 / 01 / 2015 do 8 de xaneiro polo que se desenvolve a Lei 4 / 2014 de 30 de xuño de convivencia e participación educativa en materia de convivencia escolar.
- Orde do 8 de setembro de 2021 (DOG 26 de outubro de 2021) pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro , e que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros



docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2 / 2006, do 3 de maio, de educación.

• 2.1.2 CIRCULARES

- Circular 10 / 2010 e circulares anteriores da Dirección Xeral de Educación , Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de Orientación Educativa e Profesional na Comunidade Autónoma de Galicia .

2.1.1 PROTOCOLOS

- Protocolo para a intervención psicoeducativa da dislexia e/ou outras dificultades específicas de aprendizaxe
- Protocolo atención educativa domiciliaria
- Protocolo para a atención ao alumnado con altas capacidades intelectuais
- Protocolo de tratamento educativo do alumnado con Trastorno do Espectro do Autismo (TEA).
- Protocolo de consenso sobre TDAH na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativo e sanitario.
- Protocolo para a atención educativa ao alumnado con discapacidade auditiva.
- Protocolo Educativo para a prevención e o Control do Absentismo Escolar en Galicia.
- Protocolo de prevención, detección e intervención do risco suicida no ámbito educativo
- Protocolo de prevención e actuacións nos ámbitos sanitarios e educativo ante o risco de suicida infanto- xuvenil.

2.2. DATOS DE IDENTIFICACIÓN.

En cumprimento do establecido o Departamento de Orientación do "FLAVIA" abranguerá durante o curso 2022 / 2023 no seu Plan de actuación os seguintes centros adscritos:

- CEIP de Pousada- Carcacía (Padrón)
- EEI de Pontecesures (Padrón)
- EEI de Arretén (Padrón)

Así mesmo, este Departamento de Orientación estará adscrito ao Departamento do I.E.S. Camilo José Cela.



3. COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO

Estará composto polos seguintes membros, de acordo co Decreto 120/1998 do 23 de abril, polo que se regula a Orientación Educativa e Profesional na Comunidade Autónoma de Galicia:

Centros Adscritos

- *Costa Mosquera Sara - EEI de Pontecesures.*
- *Isabel María Furonos Santos - EEI de Arretén.*
- *Teresa Caeiro Camino - CEIP Pousada- Carcacía.*

CEIP Flavia

- *María Vieito Liñares – Profesora de A.L.*
- *Aida Gómez Pérez - Profesora A.L. compartida con*
- *Raquel Carreira Pérez - Profesora ade P. T.*
- *Patricia Lareu Álvarez - Coordinadora E. Infantil.*
- *Natalia Calviño Casal – Coordinadora 1º Ciclo*
- *Aida Gómez Pérez - Coordinadora 2º Ciclo*
- *Mª Benedicta Sandá Barbazán – Coordinadora 3º Ciclo*
- *Dolores Vázquez Randulfe - Xefa do Departamento.*

No presente curso escolar segundo sesión de claustro decídese que para maior operatividade se realicen as reunións mensuais coas especialistas do Departamento de Orientación (Pedagogía Terapéutica, Audición e linguaxe , Audición e linguaxe compartida con centros adscritos e Orientadora)e as prescriptivas trimestrais con todo o departamento (representantes con destino no centro e responsables dos centros adscritos).

2.4. CONTEXTO DO CENTRO

2.4.1 Xustificación baseada no contorno



O noso Plan de Orientación pretende ser un documento real, vivo e dinámico. Para iso temos que planificar para unha realidade con características singulares que a definen e condicionan, necesidades propias ás que temos que dar resposta e recursos e posibilidades concretas que serán os instrumentos para materializar as propostas da acción orientadora.

Así, para programar a nosa acción de forma eficaz, debemos coñecer as peculiaridades do contorno ao que vai dirixida e no que se vai desenvolver: características do alumnado, profesorado e familias, organización do centro educativo, medios materiais, recursos humanos, etc .

2.4.2 A experiencia acumulada no noso Centro.

O Departamento de Orientación conta cunha experiencia de varios cursos de funcionamento no Centro. Hai obxectivos que serán de continuidade deste Departamento, pois ata a súa implementación é un proceso que leva tempo e presenta, ás veces, moitas dificultades.

2.4.3. As demandas da Comunidade Educativa.

Tendo e conta o apartado anterior será necesario seguir a propoñer actuacións para dar resposta ás necesidades educativas referidas ao ámbito da atención á diversidade. Preténdese dar cabida tanto ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo, xa previstas no curso anterior (coas modificacións oportunas nas medidas relacionadas coa inclusión e de atención á diversidade) como ás novas que poidan xurdir, tanto pola detección en nenos e nenas de cursos anteriores e que estaban sendo seguidos de cerca polos titores/as e/ou polo profesorado especialista de apoio, como no alumnado de nova incorporación ao Centro, detectándose neste último grupo e en xeral alumnado con necesidade de apoio específico. Abarcarase tamén algunhas actuacións noutros aspectos como: as relacionadas coa Acción Titorial , promoción da convivencia, a resolución pacífica de conflitos e a participación e implicación das familias na educación dos seus fillos e fillas .

3.- ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN

Sendo o centro escolar un sistema formado por distintos elementos que deben organizarse e colaborar en aras de proporcionar resposta ás necesidades da comunidade educativa, e que ten como fin último articular unha acción formativa eficaz e de calidade, a función orientadora debe incidir en, desde o conxunto da organización escolar, como parte da mesma que é, utilizando todos os seus recursos e enmarcada na acción global do centro



Pero para dirixir as accións e conseguir os obxectivos plantexados é necesario considerar unhas estratexias xerais de intervención, que enmarcan e complementan as propias das intervencións concretas. O Departamento de Orientación dedicárase fundamentalmente a dinamizar e potenciar as tarefas das titoras e dos titores e levará as súas actuacións en estreita colaboración con:

- Os/as Coordinadores de Ciclo.
- Os/as titores/as.
- Os mestres especialistas.
- O profesorado de apoio.
- A Xefatura de Estudos.
- O Equipo Directivo

O traballo cooperativo será desenvolto en reunións :

- Titores/as
- Xuntas de avaliación
- Departamento de Orientación
- Comisión de Coordinación Pedagóxica
- Claustro

En situación non presencial e cos axentes anteriores :

- Aula virtual do centro
- Correo electrónico
- Plataforma Cisco- Webex proporcionado pola Consellería de Educación

4. OBXECTIVOS XERAIS.

4.1. - Obxectivos referidos ao Centro.

- Optimizar o funcionamento do Departamento de Orientación.
- Estudar as necesidades de material específico de Orientación.
- Asesorar e ofrecer recursos para que nos distintos documentos e actuacións do Centro se contemple a atención á diversidade.



- Continuar co seguimento e revisión do Plan Xeral de Atención á Diversidade do centro de acordo coas directrices da Comisión Pedagóxica sempre que se considere necesario e coa revisión iniciada en aplicación da Orde do 8 de setembro de 2021 (DOG 26 de outubro de 2021) pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro , e que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2 / 2006, do 3 de maio, de educación.
- Colaborar no seguimento e revisión do Plan de Acción Titorial e Plan de Acollida para Alumnos Estranxeiros sempre que se considere necesario .
- Revisar, organizar e, de ser o caso, modificar os apoios ao alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo, axustando as propostas á realidade de cada alumno ou alumna (por necesidades educativas especiais, dificultades específicas de aprendizaxe, Trastorno por Déficit de Atención e Hiperactividade (TDAH), altas capacidades intelectuais, incorporación tardía ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar) para avanzar na prevención dos problemas de aprendizaxe e na loita contra o fracaso escolar.
- Coordinar cos distintos Organismos que contribúan a mellorar o labor orientadora.
- Atender ao alumnado con necesidade educativa específica de apoio educativo e de forma especial os procedentes do estranxeiro e/ou de incorporación tardía o sistema educativo español .
 - Propoñer iniciativas que supoñan a optimización dos recursos humanos e materiais e asesoramento aos equipos para dar resposta á diversidade presente nas aulas .
 - Colaborar na diagnose inicial do estado da convivencia no Centro, no posterior deseño do Plan de mellora e no desenvolvemento das accións oportunas, tanto para a elaboración como para aplicación das normas de organización e funcionamento.
 - Colaborar en programas destinados á prevención e detección precoz de dificultades de aprendizaxe.
 - Facilitar, en forma e prazo, a información que se demanda nas aplicacións informáticas DrDadi e DrOrienta.
 - Colaborar n o Plan de Acollida do Alumnado que se matricule de novo no centro.
 - Colaborar na revisión do Programa de Habilidades Sociais aprobado no Centro .
 - Colaborar no Programa de Benestar Emocional do centro e adaptado ao alumnado con necesidade de apoio educativo.
 - Colaborar cos servizos de orientación: Equipo de orientación específico, Departamento de Orientación do IES .



- Coordinar actuacións cos servizos e axentes externos: Saúde, Servizos Sociais, Concello etc., aproveitando os recursos socioeducativos que estas institucións poidan ofrecer.

4.2. Obxectivos referidos ao profesorado.

- Detección e avaliación das necesidades educativas do alumnado e identificar as dificultades e potencialidades do alumnado concretando pautas de intervención para axustar as propostas de apoio educativo á realidade educativa de cada alumno ou alumna e colaboración co Equipo de Orientación Específico .
 - Valorar as medidas de atención á diversidade de carácter ordinario (R.E.)
 - Colaborar na adopción de medidas extraordinarias de atención á diversidade e asesorar na cumprimentación académica.
 - Contribuír ao proceso de avaliación de cada grupo.
 - Aplicación dos diversos protocolos vixentes segundo diagnósticos específicos dos alumnos.
 - Cooperar na personalización de ensino-aprendizaxe.
 - Poñer en marcha, cando se considere conveniente; medidas que repercutan na prevención de futuras dificultades de aprendizaxe para facilitar a mellora do desenvolvemento das competencias básicas dos alumnos e alumnas.
-
- Colaborar co profesorado titor na avaliación inicial do alumnado que comeza a súa escolarización, si se considera necesario, para identificación temperá de necesidades educativas específicas do alumnado .
-
- Atención ao alumnado con necesidades educativas específicas de forma especial os procedentes do estranxeiro.
 - Favorecer a adaptación persoal e grupal dos nenos/as que acoden por primeira vez ao Centro. (Sempre que chegado o momento haxa posibilidades de levar a cabo a xornada de acollida no Centro).
 - Identificar as necesidades educativas ocasionadas pola situación de pandemia en coordinación coas persoas titoras
 - Colaborar na concienciación do profesorado da posibilidade de atoparnos na escola con alumnado heteroxéneo.
 - Adaptar o Programa de Benestar Emocional do centro ao alumnado con necesidade de apoio educativo.



- Desenvolver plans de recuperación dos aspectos curriculares afectados pola suspensión da actividade lectiva presencial por confinamento incluíndo neles as medidas de atención á diversidade en xeral e en particular as referidas ao alumnado con NEAE.

4.3. Obxectivos referidos ao alumnado.

- Potenciar a Orientación para todos.
- Coñecer o rendemento académico do alumno/a en comparación coa media do grupo e cas súas posibilidades.
- Facilitarlle ao alumnado a toma de decisións para afrontar os momentos escolares como , por exemplo , o paso á ESO.
- Adoptar medidas de atención á diversidade.
- Potenciar a convivencia no marco da formación de cidadáns responsables autónomos e participativos, incorporando contidos relacionados coas habilidades sociais, a autoestima, a resolución pacífica de conflitos, a dinámica de grupos e a igualdade entre homes e mulleres.
- Favorecer en idades temperás recursos para a mellora da linguaxe.
- Sensibilizar ao alumnado de que todas as persoas somos diferentes, utilizando distintos códigos para comunicarnos ben sexa de forma escrita e / ou oral .
- Potenciar a posta en marcha de medidas preventivas para mellorar o clima de traballo e convivencia.
- Impulsar actividades destinadas a adquirir as habilidades sociais necesarias para relacionarse, expresar os propios sentimentos e ideas, cooperar e traballar en equipo e favorecer o desenvolvemento da intelixencia emocional.

4.4. Obxectivos referidos ás familias.

- Cooperar na relación titores/as - familia.
- Asesorar ás familias para afrontar as dificultades que se presenten na educación dos seus fillos/as.
- Asesorar ás familias orientándoas aos servizos que lles proporcionan a asistencia e apoio que poidan precisar por estar en situación de desvantaxe socioeducativa, pola súa condición de emigrante, por pertencer a minorías étnicas ou por estar a vivir situacións complexas ou problemáticas.



- Asesorar e colaborar na procura de axudas e asistencia para alumnos/as con necesidades educativas de apoio educativo.

5. PLANIFICACIÓN XERAL E DEFINIÇÃO DE ACCIÓNS PRIORITARIAS.

Os obxectivos sinalados no apartado anterior débense agrupar en tres liñas fundamentais de traballo, elixindo actividades que durante o curso desenvolvan un plan coherente nestes tres ámbitos xerais e tendo en conta unha modalidade de:

a. Presencial

- A atención á diversidade co maior peso e moi especialmente no que se refire á atención a alumnado con necesidades educativas específicas e coa revisión e/ modificación das medidas de apoio que está a recibir o alumnado con dificultades de aprendizaxe e/ou integración contribuíndo na loita contra o fracaso escolar e buscando o máximo desenvolvemento das competencias básicas .
- A convivencia e a educación en valores, no marco dunha escola plural na que se forman cidadáns responsables, autónomos e participativos .
- A motivación pola aprendizaxe e fomento da valoración do esforzo .

As accións prioritarias que se determinen deberán estar globalmente concibidas e ser interdependentes .

b. Non presencial

No caso de que as autoridades sanitarias determinen que algún alumno ou alumna non poida asistir ao centro educativo, será preciso que exista un seguimento do seu proceso de ensinanza-aprendizaxe. Para iso, haberá un contacto continuo coas súas familias telematicamente podendo empregar distintas vías de comunicación:

- Aula virtual do centro: nesta plataforma engadiremos as tarefas, recursos... que realizará cada alumno, de forma personalizada e garantindo o cumprimento da lei de protección de datos. Unha vez rematadas e enviadas as tarefas realizadas se procederá á súa corrección e posterior envío ás familias.



- Correo electrónico: no caso de que non sexa posible o uso da aula virtual do centro, empregarase como medio de comunicación o correo electrónico privado previamente facilitado polas familias
- Plataforma de conferencias que se nos proporciona desde a Consellería de Educación, Cisco Webex onde poderemos contactar co alumno/a e incluso coas familias.

5.1. Detección e avaliación das necesidades do alumnado

Para o seu desenvolvemento establécense os seguintes criterios a ter en conta no proceso de toma de decisións na atención do alumnado que presenta necesidade específica de apoio educativo e na organización do apoio aos mesmos.

5.1.1 PROCESO NA TOMA DE DECISIONS NA ATENCIÓN DE ALUMNOS CON NECESIDADES

Tal como desenvolve a ORDE do 8 de setembro de 2021 (DOG do 26 de outubro) onde se describen as situacións nas que se require a avaliación psicopedagóxica teremos en conta o seguinte :

1º.- Os mestres titores/as detectan aqueles alumnos/as que presentan dificultades que lle impiden seguir a dinámica habitual do grupo clase e, despois de intentar solventalas na aula e non acadalo, comunícanllo ao/á orientador/a do Centro.

Situacións nas que se require a avaliación psicopedagóxica:

1. A avaliación psicopedagóxica do alumnado levarase a cabo cando concorran algunhas das seguintes situacións:

- a) Existencia de algún tipo de discapacidade, trastorno ou circunstancia que afecte ao seu desenvolvemento xeneral, así como a súa aprendizaxe; igualmente, si existen indicios de altas capacidades intelectuais.
- b) Os resultados da avaliación inicial deban complementarse con esa avaliación.
- c) Prevese a necesidade dalgunha medida extraordinaria de atención á diversidade que require, previamente desa avaliación
- d) Prevese a necesidade de recursos educativos complementarios ou apoios especializados de difícil xeneralización.
- e) Considerase necesario elaborar ou modificar o ditame de escolarización.

2. Tamén realizarase a avaliación psicopedagóxica cando, por circunstancias excepcionais, o demande a Administración educativa.



2º .- Os alumnos podémolos encadrar en :

A .- Alumnos/as que presentan necesidade específica de apoio educativo evidente asociada a condicións persoais e entendendo que vai ser o alumnado que requira, de forma temporal ou permanente, apoios ou provisións educativas diferentes ás ordinarias por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, por Trastorno por Déficit de Atención e Hiperactividade (TDAH), por altas capacidades intelectuais, por incorporarse tardiamente ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar. Neste caso iníciase un proceso de Avaliación Psicopedagóxica que implica a intervención do titor/a, profesorado de apoio, xefe/a do Departamento de Orientación e, se é o caso, o especialista correspondente do Equipo de Orientación Específico. Neste proceso de avaliación o profesor titor/a colaborará na recollida de información e redactará un informe que reflicta a problemática observada na aula. Tamén se recollerá información dos profesores especialistas.

A familia cubrirá un impreso no que se recadarán os datos familiares, de desenvolvemento, hábitos e comportamento xeral do neno/a .

O pai, nai ou titor legal firmará a solicitude de autorización para a Avaliación Psicopedagóxica pola que queda constancia de que está informado e da súa conformidade. Empregarase o impreso de que dispón o Centro para tal fin.

Procederase á elaboración dunha Adaptación Curricular unha vez esgotadas as medidas de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes e se os resultados da Avaliación Psicopedagóxica así o indican. Neste proceso está implicado todo o profesorado que imparte docencia directa ao alumno/a, o profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica, Audición e Linguaxe se é o caso e o orientador/a do Centro. O primeiro compoñente na elaboración da Adaptación Curricular será o resumo dos resultados da Avaliación Psicopedagóxica. Estarán implicados o profesor titor/a e profesores que imparten áreas instrumentais, profesores especialistas, profesores de apoio e orientador/a e se colaborará co Equipo de Orientación Específico de A Coruña cando este realice Avaliacións Psicopedagóxicas .

B.- Alumnos/as que presenten dificultades de aprendizaxe non asociadas a necesidades educativas especiais, dificultades específicas de aprendizaxe, Trastorno por Déficit de Atención e Hiperactividade (TDAH), altas capacidades intelectuais, que se incorporen tardiamente ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, o propio profesor/a- titor/a en colaboración co orientador/a, recompilará toda a información da que dispón o Centro con respecto á situación persoal, social,



académica do alumno/a, a traveso de procedementos, instrumentos e técnicas como a observación, protocolos para a avaliación das competencias curriculares, cuestionarios, entrevistas e revisión dos traballos escolares para avaliar as condicións que poden influír na aprendizaxe do alumno/a. Despois tomaranse as medidas para a realización dunha proposta educativa axeitada en cada caso (priorización ou/e modificación da secuencia de obxectivos/ contidos, procedementos, instrumentos de avaliación, organización de espazos e tempos, actividades...) e seguiranse os seguintes pasos :

a) Faráselle un seguimento individualizado por parte do profesor titor/a, orientador/a e profesorado especialista de apoio en Pedagogía Terapéutica e/ou Audición e Linguaxe, se é o caso, para observar e corroborar que a súa evolución é favorable acadando os obxectivos fixados.

b) No caso de que as novas medidas adoptadas nun prazo determinado de tempo non resulten axeitadas por non evolucionar favorablemente iniciarase un proceso de Avaliación Psicopedagóxica nos termos sinalados no apartado A.

6.- ORGANIZACIÓN DO APOIO

- CRITERIOS XERAIS

1º.- En Educación Infantil: o apoio farase como norma xeral dentro da aula ordinaria. Contémplase a posibilidade de facelo fóra dela en casos excepcionais, se o alumno precisa traballar aspectos específicos de reeducación da fala e/ou outras problemáticas específicas e estará analizado e xustificado polo Departamento de Orientación do Centro.

2º.- Primeiro e segundo de Educación Primaria: o apoio farase como norma xeral dentro da aula ordinaria. Contémplase a posibilidade de facelo fóra en casos excepcionais nos seguintes casos:

1. Cando o alumno precise traballar aspectos específicos de reeducación da fala.
2. Alumnos que repitan o 1º ou o 2º curso de Educación Primaria e estean a iniciar o proceso lecto-escritor.
3. De forma moi excepcional, alumnos que sen estar a repetir o 1º ou o 2º curso de Primaria, e despois de telo intentado dentro da aula e non ter acadado resultados satisfactorios, presentan dificultades que lles fan precisar apoio individualizado, dado que a súa competencia curricular sepárase moito da media do grupo clase.

Nos tres casos estará analizado e xustificado polo Departamento de Orientación do Centro.



3º.- En terceiro, cuarto, quinto e sexto de Educación Primaria: O apoio levarase igualmente dentro da aula ordinaria, contemplando a posibilidade de aplicalo fóra cando a competencia curricular do alumno/a estea moi por debaixo da media do grupo-clase e que resulte moi difícil darlle o apoio dentro, e/ou se trate de aspectos específicos de audición e linguaxe.

O apoio fóra da aula non poderá superar a terceira parte do horario escolar , en aplicación de lexislación vixente Orde do 27 de decembro de 2002 (D.O.G. do 30 de xaneiro de 2003) pola que se regula as condicións e criterios para a escolarización de alumnos con necesidades educativas especiais .

- CRITERIOS A SEGUIR PARA A ATENCIÓN DIRECTA DOS ALUMNOS/ AS.

A atención do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica, Audición e Linguaxe priorizarase da seguinte forma e sempre tendo en conta a dispoñibilidade horaria:

1. Co profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica:

- a. Alumnado con Adaptacións Curriculares elaboradas no curso pasado e previstas para o presente curso escolar .
- b. Alumnado con diagnóstico médico e / ou psicopedagóxico que requira de apoios para acadar os obxectivos mínimos correspondentes ao currículo ordinario por presentar grandes dificultades de aprendizaxe.
- c. Alumnado que presenta dificultades de aprendizaxe e segue o currículo ordinario .

- Co profesorado especialista en Audición e Linguaxe:

- a. Alumnado con dificultades de comunicación.
- b. Alumnado con dificultades na linguaxe.
- c. Alumnado con dificultades articulatorias priorizando os de máis idade respecto aos de menos.
- d. Alumnado que precisa apoios educativos por presentar dificultades no proceso lectoescritor.

5.1.4 PROGRAMA DE BENESTAR EMOCIONAL

Os beneficios da Intelixencia emocional no ámbito educativo veñen sendo desde algúns anos obxecto de estudo e está demostrado que un proxecto educativo que inclúe Intelixencia emocional na



aula aporta grandes melloras aos nenos/as no seu desenvolvemento socioemocional tales como niveles de ansiedade máis baixos, habilidade para expresar as súas ideas e sentimentos, habilidade para defender os seus dereitos nas relación sociais evitando conflitos...

Nós como membros do departamento de Orientación temos que ter moi presente o benestar emocional do alumno/a no noso día a día na escola xa que deste xeito melloramos a relación entre os propios alumnos e o profesor/alumno e isto vaise ver reflectido nun mellor rendemento escolar.

O desenvolvemento personal dun alumno depende de aspectos como confianza, curiosidade, intencionalidade, relación, cooperación... e está demostrado que as carencias nas habilidades propias da intelixencia emocional afectan aos alumnos/as dentro e fóra das aulas nas relación interpersonais, benestar psicolóxico, rendemento académico e nas condutas disruptivas. É por iso, que como especialistas que formamos parte dun equipo temos que favorecer un clima axeitado para fomentar o benestar emocional.

Partindo desta idea, cremos importante o desenvolvemento dos cinco componentes máis importantes da intelixencia emocional¹:

- Autoconciencia emocional: coñecer os nosos propios sentimentos e emocións e cómo nos inflúen. É incuestionable que o estado anímico inflúe no comportamento e tamén no rendemento escolar.
- Autorregulación emocional: o cal permite reflexionar e dominar os propios sentimentos.
- Automotivación: Sempre hai que enfocar as emocións cara un obxectivo ou meta, sendo proactivos e ser capaces de “sortear” os obstáculos que nos poidamos atopar polo camino.
- Empatía: É moi importante poñerse no lugar dos demais o que permitirá que establezamos vínculos máis estreitos e favorecerá o proceso de ensinanza- aprendizaxe.
- Relacións interpersonais ou habilidades sociais: é moi importante saber tratar e comunicarse con diferentes persoas que nos rodean.

Ademais, desde o centro temos unhas liñas de traballo que contribúen decisivamente a reforzar o benestar emocional. Estas son:

A) Accións de benestar emocional:



- Dende fai cinco cursos, o centro está inmerso no programa de **Educación Responsable** onde a través de tres recursos diferentes podemos achegarnos ao mundo das emocións e traballalas co alumnado. Estes recursos son:” Banco de ferramentas, Literatura e emocións e Reflejarte”. Así propóñense actividades para traballar a autoestima, autoconceito e autoimaxe, así como o desenvolvemento social.
- Outro recurso co que contamos son os Contratos-Programa onde traballamos a liña de IGUALA-T e EMOCIONA-T o que fai posible contar con persoas expertas en diferentes temas, como uso de tecnoloxías, relación afectivas-sexuais e igualdade, o que fai posible afondar, a través das charlas-obradoiro, nestes temas, facendo unha labor de prevención e concienciación.

B) Accións encamiñadas ao benestar a través de hábitos saudables.

- Programas de froita e leite

5.1.5 .AVALIACIÓN DOS ALUMNOS.

No caso de alumnos que reciban Apoio Educativo tomaranse como referente para a súa avaliación as competencias básicas en Educación Infantil e competencias clave en Educación Primaria e obxectivos mínimos reflectidos na programación de aula.

No caso de alumnos con Adaptación Curricular teranse en conta os criterios de avaliación establecidos na propia Adaptación Curricular .

6 . RECURSOS

6.1. -RECURSOS HUMANOS .

- Profesorado Titor.
- Profesorado de apoio (P.T./ A.L.)
- Profesorado adscrito aos apoios por dispoñibilidade horaria, de ser o caso.
- Profesorado das especialidades
- Departamento de Orientación.



6.2.-RECURSOS MATERIAIS

1. P.E., P.A.T.
2. Escalas de observación.
3. Probas Psicopedagógicas.
4. Expediente do alumno/a.
5. Material escolar e de reforzo.
6. Bibliografía específica sobre os aspectos que interveñen no proceso de ensino-aprendizaxe.
7. Documentos sobre lexislación educativa.

6.3.- RECURSOS TELEMÁTICOS

- Aula virtual do centro
- Correo electrónico
- Plataforma de conferencias que se nos proporciona desde a Consellería de Educación, Cisco Webex

7.- METODOLOXÍA

A metodoloxía a empregar para o desenvolvemento do Plan deberá favorecer a participación activa e cooperativa por parte de todos os implicados no mesmo.

O desenvolvemento das actividades deberá estar baseado nunhas estratexias metodolóxicas baseadas nun traballo cooperativo estruturado en:



-Reunións colectivas:

-Directora e equipo de titores/as coas familias.

-Titor/a co alumnado e familias.

-De nivel.

-Xuntas de avaliación.

-Departamento de Orientación.

-Comisión de Coordinación Pedagóxica.

-Claustro.

- Reunións individuais: entre os diferentes membros da comunidade a traveso de entrevistas para intercambios de información.

8.- CENTROS ADSCRITOS

No CEIP FLAVIA funciona o Departamento de Orientación xunto con tres centros por non contaren estes coas unidades suficientes para posuír D.O.:

1. CEIP de Pousada- Carcacia (Padrón).
2. EEI de Pontecesures (Padrón).
3. EEI de Arretén (Padrón).

Asímesmo, este Departamento de Orientación está adscrito ao Departamento do I.E.S. Camilo José Cela.

A orientadora exerce a Xefatura do Departamento dos tres centros realizando o seu traballo neles cun reparto do horario, recursos, etc., proporcional ao número de unidades e organizando o seu traballo para prestar a debida atención a cada un dos centros.

A disposición horaria da Orientadora nos Centros Adscritos é a seguinte tal como consta no horario semanal da Xefatura do Departamento no presente Plan de Orientación : mércores de 9: 35 a



12, abarcando tres sesións que corresponden coa distribución horaria do CEIP Flavia e para poder respectar os tempos das gardas de substitución de recreo correspondentes no centro.

Plan de visitas:“ A orientadora asistirá aos tres Centros Adscritos unha vez ao trimestre de ser necesario, sen prexuízo de asistir sempre que se requira para Avaliación Psicopedagóxica.

Funcións:“ Enténdese que son as mesmas que se establecen para o CEIP Flavia e comunicando ao Departamento, unha vez feita a Avaliación Inicial, si existen ou non necesidades específicas no alumnado. Dita comunicación será por escrito

9.- ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN.

Preséntanse as actividades e a temporalización en relación cos obxectivos e os axentes de realización:

9.1. No referente ao centro (táboa I).

9.2. No referente ao profesorado (táboa II).

9.3. No referente ao alumnado (táboa III).

9.4. No referente ás familias (táboa IV).

10.- CRITERIOS DE SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

É necesario e fundamental comezar sinalando que a avaliación enténdese coma un proceso continuo que se levará a cabo ao longo de todas as etapas do programa, é dicir, ao inicio do proceso, durante e ao final do mesmo de xeito que a avaliación vai a constituír o núcleo central do programa, pois intentará posibilitar en todo momento o coñecemento da situación e do grao de desenvolvemento do mesmo, de tal maneira que se poidan facer as modificacións oportunas.

Para a realización desta primeira avaliación das necesidades do contexto ,estanse a empregar:

- Observación directa pola Xefa do Departamento de Orientación sobre o funcionamento diario do Centro.

-As anotacións realizadas pola Xefa do Departamento.



- O estudio das funcións do Departamento.
- O estudio das medidas que se estaban empregando ata o momento e que se avalían no mes de xuño do curso anterior.
- O intercambio de impresións dos membros do D.O.
- O estudio inicial das demandas de todo tipo recibidas.

A avaliación formativa levarase a cabo ó longo do curso nas reunións previstas nos calendarios pertinentes, onde se deberán adoptar as medidas correctoras que sexan necesarias.

Ó remate do curso farase unha avaliación sumativa que permita determinar se foron acadados os obxectivos e se a temporalización foi axeitada. Dos datos que se obteñan extraeranse conclusións para a memoria, e esta servirá de punto de partida para a elaboración do plan do vindeiro curso.

11.- CALENDARIO DE REUNIÓN.S.

profesorado integrante do Departamento de Orientación do C.E.I.P. “FLAVIA” PT, ALs Orientadora con destino no Centro, reuniranse unha vez ao mes e todos os membros do Dpto. reuniranse unha vez ao trimestre.

11.1. CALENDARIO SEMANAL XEFA DEPARTAMENTO ORIENTACIÓN

O horario semanal da xefa do Dpto. Durante o curso 2020/2021 abranguerá os mesmos períodos lectivos que os do resto do profesorado do Centro.

Durante este tempo,desenvolveranse as seguintes tarefas:

- Realización das actividades propostas no Plan de Orientación Anual .
- Avaliación diagnóstica de alumnos.
- Realización de Informes psicopedagóxicos.
- Coordinación coas mestras de P.T. e A.L.



- Coordinación coa Xefatura de Estudos.

- Asesoramento e colaboración co profesorado titor, así como co profesorado especialista no tratamento da atención á diversidade do alumnado.

- Realización de saídas aos centros adscritos e ás reunións de coordinación co xefe do Dpto. do I.E.S previa convocatoria.

- Entrevistas coas familias .

- Coordinación Servizos externos.

- Gardas

Padrón , 21 de outubro de 2022

A Xefa do Departamento

Asdo . Dolores Vázquez Randulfe



9.- ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN

9.1.- TÁBOA I

9.2.- TÁBOA II

9.3.- TÁBOA III

9.4.- TÁBOA IV

TÁBOA I

OBXECTIVOS	ACTIVIDADES	FUNCIÓN	TEMPOR.
<p>Optimizar o Funcionamento do Departamento de Orientación.</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Organizar o espacio do Dpto. de Orientación. - Asistir ás reunións convocadas polo xefe do Dpto. do IES ao que estamos adscritos. - Convocar e presidir as reunións ordinarias e extraordinarias do Dpto. de Orientación. - Elaboración do Plan Anual de Orientación. - Redacción do Plan Anual de Orientación. - Presentación do Plan Anual aos C. adscritos. - Elaborar a memoria de final de curso . 	<ul style="list-style-type: none"> - X. Dpto. Orientación. - X. Dpto. Orientación. - X. Dpto. Orientación. - Dpto. Orientac. - X. Dpto. Orient. X. Dpto. Orient. - X. Dpto. Orient. 	<ul style="list-style-type: none"> - 1º trimestre. - Todo o curso. - Todo o curso. - 1º trimestre. - Final de curso
<p>Estudiar as necesidades de material específico de Orientación.</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Valorar o orzamento preciso. - Equipamento para o Dpto. (adquisición do material , inventario e préstamo ó profesorado) - Confección de rexistros segundo os casos . 	<ul style="list-style-type: none"> - Dpto. de Orient. - X. do Dpto. Orient. -X. Dpto. Orientac. 	<ul style="list-style-type: none"> - Todo o curso.
<p>Asesorar e colaborar na actualización/ elaboración de distintos documentos que integren o Proxecto Educativo do Centr</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Colaboracións e actualizacións dos distintos documentos do Centro . 	<ul style="list-style-type: none"> -Dpto. de Orientación. 	<ul style="list-style-type: none"> -Todo o curso.

TÁBOA I (CONTINUACIÓN)

OBXECTIVOS	ACTIVIDADES	FUNCIÓN	TEMPOR.
Revisión do Plan Xeral de Atención á Diversidade.	Tal como se describe no Decreto 220 / 2011, do 7 de decembro e Orde 8 de setembro 2021	<ul style="list-style-type: none"> - Dpto. de Orientación. - Comisión Pedagóxica 	- Todo o curso
Colaborar no seguimento e revisión , de ser necesario , do Plan de Acción Titoría e do Plan de Acolida para Alumnos Estranxeiros	Colaborar no seguimento e revisión , de ser necesario, do Plan de Acción Titoría e do Plan de Acolida para Alumnos Estranxeiros .	<ul style="list-style-type: none"> - Dpto. Orientac. - Titores 	Todo o curso
Revisión ,organización e , de ser o caso , modificación dos apoios ó alumnado con necesidade específica de apoio educativo	-Confección de horarios para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo	<ul style="list-style-type: none"> - X. Dpto.Orientación - Titor /a - P.T. / A.L. 	-Todo o curso.
Coordinar con distintos organismos que contribúan a mellorar o labor orientadora.	<ul style="list-style-type: none"> - Establecer contactos cos distintos profesionais externos ó Centro, que inciden na atención ós alumnos con necesidade específica de apoio educativo (E.O.E.,servizos sociais,centros específicos, pediatría ...) Coordinar con distintos Departamentos de Orientación da zona. 	<ul style="list-style-type: none"> - X. Dpto. Orientación. - Titor. /a - P.T. - A.L. 	-Todo o curso.

TÁBOA I (CONTINUACIÓN)

OBXECTIVOS	ACTIVIDADES	FUNCIÓN	TEMPOR.
<p>Atención ao alumnado con necesidade educativas específicas e cos procedentes do estranxeiro e / ou incorporación tardía ao sistema educativo español .</p>	<p>- Valorar as medidas necesarias de atención á diversidade dos alumnos que se escolaricen no Centro e cos procedentes do estranxeiro e/ou incorporación tardía ao sistema educativo español .</p>	<p>- Dpto. de Orientación. - Tutores /as - Especialistas</p>	<p>-Todo o curso.</p>
<p>Proposta de iniciativas que supoñan optimización dos recursos humanos e materiais e asesoramento aos equipos para dar resposta á diversidade presente nas aulas .</p>	<p>- As que se considere necesarias segundo os casos que se presenten para a prevención de problemas de aprendizaxe e na loita contra o fracaso escolar .</p>	<p>- Dpto. de Orientación. - X. Dpto Orientación . - P.T. - A.L.</p>	<p>-Todo o curso</p>
<p>Colaborar na diagnose inicial do estado da convivencia no Centro no posterior deseño do plan de mellora e no desenvolvemento das accións oportunas .</p>	<p>- Participar na valoración do estado da convivencia .</p>	<p>- Dpto. De Orientación .</p>	<p>- Cando corresponda no curso .</p>

TÁBOA I (CONTINUACIÓN)

OBXECTIVOS	ACTIVIDADES	FUNCIÓN	TEMPOR.
Facilitar , en forma e prazo, a información que se demanda na aplicación informática drorienta e drddadi.	Cumprimentar os cuestionarios que soliciten.	- X. Dpto. Orientación	- cando o soliciten ao longo do curso
colaborar o Plan de Acollida do Alumnado que se matricule de novo no centro.	Confección de dito Plan	- Dpto. de Orientación. - X. Dpto Orientación .	- Todo o curso
Colaborar revisión do Programa de Habilidades Sociais aprobado no Centro .	Colaboración na revisión	- Dpto. de Orientación. - X. Dpto Orientación - Profesorado	- Todo o curso
Colaborar no Programa de Benestar Emocional do centro e adaptado ao alumnado con necesidade de apoio educativ	Actividades que favorezan o fomentar o benestar emocional.	- Dpto. de Orientación. - X. Dpto Orientación .	- Todo o curso

TÁBOA I (CONTINUACIÓN)

OBXECTIVOS	ACTIVIDADES	FUNCIÓN	TEMPOR.
<p>Detección e avaliación do alumnado para identificar as dificultades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo concretando pautas de intervención e colaboración cos equipos de orientación específicos se é o caso.</p> <p>Colaboración co Equipo de orientación Específico.</p>	<p>-Avaliación psicopedagóxica e intervención precisa ó alumnado con necesidade específica de apoio educativo</p> <p>-Coordinación de titores e profesores de apoio da atención do alumnado con necesidade específica de apoio educativo</p> <p>-Deseño, xunto co E.O.E. , de accións de Atención Temperá ás necesidades educativas específicas .</p>	<p>-Depto. Orientación</p> <p>-X. Dpto. Orientac.</p> <p>-Titores</p> <p>-P.T. /A.L.</p> <p>-X. Dpto. Oientación.</p> <p>-Dpto. Orientación.</p> <p>-Titores.</p> <p>-P.T. /A.L.</p>	<p>Todo o curso.</p> <p>Todo o curso.</p> <p>Todo o curso</p>
<p>Valorar as medidas de atención á diversidade de carácter ordinario e asesorar na cumprimentación académica .</p>	<p>Valorar as medidas de atención á diversidade de carácter ordinario.</p>	<p>-X. Dpto. Orientación</p> <p>-Titores.</p> <p>-P.T. / A.L.</p>	<p>Todo o curso.</p>

TÁBOA II

OBXECTIVOS	ACTIVIDADES	FUNCIÓN	TEMPOR.
Colaborar na adopción de medidas extraordinarias de atención á diversidade e asesorar na cumprimentación académica .	<p>-Asesoramento ós titores e mestres especialistas na realización e seguimento das A.C.</p> <p>- Proceso a seguir no Centro con respecto á elaboración das A.C.</p>	<p>-X.Dpto. Orientación.</p> <p>-Dpto. Orientación</p>	Todo o curso.
Contribuír ó proceso de avaliación formativa de cada grupo.	-Participar nas reunións de avaliación.	<p>-X.Dpto. Orientación.</p> <p>Titores</p>	Os tres trimestres.
Aplicación dos diversos protocolos vixentes segundo diagnósticos específicos dos alumnos.	- Estudio e análise dos protocolos vixentes para a súa aplicación.	<p>-X.Dpto. Orientación.</p> <p>- Titores</p>	Os tres trimestres.
Poñer en marcha, cando se considere convinte; medidas que repercutan na prevención de futuras dificultades de aprendizaxe para facilitar a mellora do desenvolvemento das competencias básicas dos alumnos e alumnas .	- Proposta de elaboración de programas para o desenvolvemento das competencias básicas	<p>-X Dpto. Orientación.</p> <p>-Dpto. Orientación.</p> <p>-Titores.</p> <p>-P.T. / A.L.</p>	Todo o curso.

TÁBOA II (CONTINUACIÓN)

OBXECTIVOS	ACTIVIDADES	FUNCIÓN	TEMPOR.
Colaborar co profesorado titor na avaliación inicial do alumnado que comeza a súa escolarización para identificación temperá de necesidades educativas específicas do alumnado .	- Participar por demanda do titor para unha avaliación inicial no caso de necesitar unha avaliación máis específica.	- Dpto.Orientación. -X. Dpto. Orientación. -P.T. / A.L. - Titor / a .	Inicio do curso
Favorecer a adaptación persoal e grupal dos nenos /as que acoden por 1ª vez ao Centro .	- Organizar a xornada de acollida cos seus titores acudindo ás aulas dos alumnos que serán compañeiros no próximo curso. Sempre no caso de poder levala a cabo .	- Dpto.Orientación. - Titores / as dos C.Adsc. - Titores / as Centro.	Terceiro Trimestre

TÁBOA III

OBXECTIVOS	ACTIVIDADES	FUNCIÓN	TEMPOR.
Potenciar a Orientación para todos.	- Observación de xeito sistemático das diferentes condutas, rasos, aprendizaxes,... de cada alumno/a empregando: Cuestionarios, rexistros, escalas de observación,...	- X. Dpto. Orientación. - Dpto. Orientación. - Titores.	Todo o curso.
Coñecer o rendemento académico do alumno/a en comparación coas súas potencialidades e coa media do grupo.	- Observación sistemática de cada alumno/a. - Detección de dificultades na aprendizaxe.	.-Titores. - X. Dpto. Orientación. - Dpto. Orientación. - Ídem.	Todo o curso. Todo o curso.
Aportar, ó alumnado, información necesaria no relativo á toma de decisións nos momentos máis cruciais da súa escolaridade como é, por exemplo, o paso á E.S.O.	- Charlas informativas sobre a Etapa da E.S.O. dirixidas ó alumnado que cursa 6º de Primaria no IES Camilo José Cela.	- Dpto. de Orientación. - Profesorado de 6º, en colaboración co Dpto. de Orientación do I.E.S.	Todo o curso
Adoptar medidas de Atención á Diversidade	- Elaboración de medidas de reforzo e realización de A.C.	-X.Depto. Orientación. -Titores.. -Mestres especialistas. -Xefatura Estudios.	Todo o curso

<p>Potenciar a convivencia no marco da formación de cidadáns responsables autónomos e participativos , incorporando contidos relacionados coas habilidades sociais , a autoestima , a resolución pacífica de conflitos , a dinámica de grupos e a igualdade entre homes e mulleres .</p>		<ul style="list-style-type: none"> - Tutores. -X. Dpto. Orientación. - Dpto. Orientación. 	<p>Todo o curso</p>
--	--	--	---------------------

TÁBOA III (CONTINUACIÓN)

OBXECTIVOS	ACTIVIDADES	FUNCIÓN	TEMPOR.
Favorecer en idades temperás recursos para a mellora da linguaxe sempre que se considere necesario.	Programa de Estimulación da Fala en Infantil sempre que se considere necesario.	- Dpto. Orientación. - titores. A.L.	Todo o curso
Sensibilizar ao alumnado de que todas as persoas somos diferentes, utilizando distintos códigos para comunicarnos ben sexa de forma escrita e / ou oral	Intervención de titoría dentro da aula.	Dpto. Orientación. - titores	Todo o curso
Potenciar a posta en marcha de medidas preventivas para mellorar o clima de traballo e convivencia.	Intervención de titoría dentro da aula.	Dpto. Orientación. - titores	Todo o curso
Impulsar actividades destinadas a adquirir as habilidades sociais necesarias para relacionarse, expresar os propios sentimentos e ideas, cooperar e traballar en equipo e favorecer o desenvolvemento da intelixencia emocional	Intervención de titoría dentro da aula e especialmente cos profesorado que participa no grupo de traballo “ Intelixencia emocional “.	- titores	Todo o curso

TÁBOA IV

OBXECTIVOS	ACTIVIDADES	FUNCIÓN	TEMPOR.
Cooperar nas relacións Titores / Familias.	<ul style="list-style-type: none"> - Entrevistas. - Postas en común e intercambio de opinións na toma de decisións. 	<ul style="list-style-type: none"> - Titor. - Familia. - X. Dpto. Orientación. 	Todo o curso.
Asesorar as familias na educación dos seus fillos e fillas.	<ul style="list-style-type: none"> - Pautas referidas a hábitos de estudo, hixiene, autoestima , convivencia , respecto ás diferenzas educación en valores,... 	<ul style="list-style-type: none"> - Dpto. Orientación. - Titores. 	Todo o curso.
Informar e asesorar as familias do alumnado con necesidade específica de apoio educativo	<ul style="list-style-type: none"> - Informar aos pais / nais sobre resultados obtidos nas avaliacións psicopedagóxicas. - Informar aos pais/nais sobre as medidas a tomar con respecto ao alumnado con necesidades educativas especiais . 	<ul style="list-style-type: none"> - Titores. - X. Dpto. Orientación. 	Todo o curso.

HORARIO ORIENT.	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9: 35—9 : 45	GARDA ENTRADAS	GARDA ENTRADAS	GARDA ENTRADAS CENTROS ADSCRITOS	GARDA ENTRADAS	GARDA ENTRADAS
09:45-10:35	ELABORACIÓN INFORMES	ELABORACIÓN INFORMES	CENTROS ADSCRITOS AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA COORDINACIÓN 6º B PRIMARIA	AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA	SERVICIOS EXTERNOS ELABORACIÓN INFORMES
2ª 10:35-11:25	COORDINACIÓN 1ªA / 4º A / 5º APRIMARIA	ELABORACIÓN INFORMES	CENTROS ADSCRITOS AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA	COORDINACIÓN 2ªA / 2º B PRIMARIA	AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA
3ª 11:25 –12	COORDINACIÓN 5º B / 1º B PRIMARIA	COORDINACIÓN 3ºA / 3º A PRIMARIA	CENTROS ADSCRITOS (FLAVIA ás 12) AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA	ENTREVISTA FAMILIAS	FUNCÍONS DEPARTAMENTO
RECREO 12:15 – 12:45	GARDA RECREO	GARDA RECREO	GARDA RECREO	GARDA RECREO	GARDA RECREO
4ª 13:05 -13:55	COORDINACIÓN 6º A PRIMARIA	GARDA DE SUBSTITUCIÓN AULA	FUNCÍONS DEPARTAMENTO	GARDA DE SUBSTITUCIÓN AULA	GARDA DE SUBSTITUCIÓN AULA
5ª 13:55-14:45	ENTREVISTA FAMILIAS	CORDINACIÓN PT / ALS	GARDA DE SUBSTITUCIÓN AULA	GARDA DE SUBSTITUCIÓN AULA	LIBRE DISPOSICIÓN
15 : 45 –17:45		R. DPTO, CCP.... PAIS/NAIS			



9. PROGRAMACIÓN PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA

Mestra P.T: Raquel Carreira Pérez

ÍNDICE

1.XUSTIFICACIÓN	2
2. ACTUACIÓNS DA MESTRA DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA	2
3. ALUMNADO CON NEAE QUE PRECISA INTERVENCIÓN P.T	4
4. OBXECTIVOS	4
5. CONTIDOS E ACTIVIDADES	5
6. METODOLOXÍA	6
7. PLAN DE BENESTAR EMOCIONAL	6
8. PLAN DIXITAL	8
9. RECURSOS	9
10. TEMPORALIZACIÓN	
11. AVALIACIÓN	



1. XUSTIFICACIÓN

A atención á diversidade enténdese como o conxunto de medidas e accións para dar resposta ás necesidades do alumnado, neste caso, nas etapas educativas de infantil e primaria.

Unha programación é un documento onde se reflexan esas actuacións e medidas que se pretenden levar a cabo para dar resposta, neste caso, ás necesidades presentes no noso centro, co obxectivo de ofrecer unha resposta educativa o máis axeitada posible.

Ademais, o benestar emocional é fundamental para que o rendemento do alumnado sexa o axeitado, para que se relacionen e teñan unha vida social plena porque o que pretendemos é que se sintan ben cando veñen á escola e ás nosas aulas. É por iso que aplicaremos un programa de benestar emocional.

2. ACTUACIÓNS DA MESTRA DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA

Os especialistas de Pedagogía Terapéutica, así como os de Audición e Linguaxe, formamos parte do Departamento de Orientación, tal e como vén recollido no Decreto 120/1998, do 23 de abril polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia. Ademais, o orde do 24 de xullo de 1998, pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia establece unha serie de funcións para ambos especialistas. Estas son:

- a) Asistir as reunións da comisión de coordinación pedagóxica.
- b) Participar na avaliación inicial do alumnado que acceda á educación secundaria obrigatoria e, cando cumpra, naquelas sesións de avaliación que afecten a alumnado con necesidades educativas especiais.
- c) Colaborar na elaboración, seguimento e avaliación das adaptacións curriculares individuais, así como das medidas de reforzo, se é o caso, e daqueloutras dirixidas á atención á diversidade do alumnado.



d) Prestarlle atención docente directa ó alumnado con NEE que así o requira, atención que, en xeral, se prestará no grupo no que está integrado.

Estas funcións están complementadas pola orde do 8 de setembro do 2021 quedando reflectidas as seguintes:

a) Colaborar coa xefatura do departamento de orientación na proposta de organización da docencia de apoio.

b) Prestar atención docente directa ao alumnado, segundo a proposta de distribución da docencia do profesorado de apoio realizada pola xefatura do departamento de orientación á xefatura de estudos e autorizada pola dirección do centro docente. Esa atención en ningún caso substituirá a do profesorado titor nin a do profesorado que imparta as áreas ou materias en que o alumnado reciba o apoio.

c) Elaborar os programas de intervención para o alumnado que atende, segundo as directrices recollidas no Plan xeral de atención á diversidade, en colaboración co profesorado da área ou da materia que corresponda e segundo a orientación e o asesoramento da xefa ou do xefe do departamento de orientación.

d) Colaborar, de ser o caso, na elaboración das adaptacións curriculares do alumnado que atende, así como no seu seguimento e avaliación.

e) Participar na planificación e no desenvolvemento das actuacións e das medidas que favorezan a inclusión da diversidade do alumnado.

f) Asistir ás sesións de avaliación do alumnado que atende, con voz e sen voto.

g) Elaborar, ao finalizar o curso escolar, un informe individual de cada alumna ou cada alumno a quen prestase apoio, coordinado pola xefatura do departamento de orientación e segundo o modelo facilitado polo departamento de orientación, que se incluírá no seu expediente. No anexo V, a modo orientativo, figura un modelo dese informe.

h) Aqueloutras funcións que a Administración educativa, dentro do ámbito das súas competencias, lle poida asignar referidas á inclusión, á orientación e á atención á diversidade.

Non debemos esquecer que no noso día a día temos que ter presentes os protocolos existentes tales como:



- Protocolo de Consenso sobre TDAH na Infancia e na Adolescencia nos ámbitos educativo e sanitario. Publicado o 10/03/2016
- Protocolo de Tratamento Educativo do Alumnado con Trastorno do Autismo (TEA) Publicado o 14/03/2016.
- Protocolo para a Atención educativa do alumnado coa Síndrome de Down e/ou Discapacidade intelectual publicado o 14/06/2018.
- Protocolo para a intervención psicoeducativa da dislexia e outras dificultades específicas da aprendizaxe publicado o 29/01/2020.

Ademais teremos en conta todos os plans e proxectos do centro como son: o plan de Benestar Emocional, o Plan de Educación Responsable, e o Plan Dixital.

3. ALUMNADO CON NEAE QUE PRECISA INTERVENCIÓN DE AUDIÇÃO E LINGUAXE

Durante o presente curso 2022-2023, recibírase apoio por parte da mestra de PT nos seguintes cursos.

- 5º de Infantil: 1 alumno con TEA.
- 2º Primaria: 1 alumno con TEA e 1 alumno con TDAH.
- 3º Primaria: 1 alumna con dificultades de aprendizaxe e 1 alumno con TEA.
- 5º Primaria: 1 alumno con dificultades de aprendizaxe.
- 6º de Primaria: 2 alumnos con dificultades de aprendizaxe.

4. OBXECTIVOS

A) Obxectivos xerais:

- Afianzar adecuadamente o proceso lectoescritor.
- Estimular o razoamento matemático.
- Reforzar os prerrequisitos básicos da aprendizaxe: atención, memoria, percepción, orientación espazo-temporal.
- Impulsar o desenvolvemento das funcións executivas.



- Adquirir confianza en si mesmo/as e unha autoestima positiva.

B) Obxectivos específicos: concretaranse para cada caso nos respectivos programas de intervención.

5. CONTIDOS E ACTIVIDADES

Os contidos e actividades irán en función dos obxectivos propostos e adaptaranse en todo o momento ás necesidades do alumnado. Para poder planificalas, realizarase unha avaliación inicial e a partir da mesma levaranse a cabo as actividades máis axeitadas aos seus coñecementos previos, aos seus intereses... A modo de exemplo, citar as seguintes actividades tipo para:

-A lectoescritura: tachar, rodear, agrupar debuxos/obxectos que comecen e/ou conteñan determinadas letras; xogar ás palabras encadeadas; formar palabras con letras revoltas; ler, escoitar contos responder a preguntas; emparellar palabras/frases e debuxos; crear frases que signifiquen o mesmo, parecido ou o contrario que unha dada; inventar o final dunha historia, o enunciado dun problema, a letra dunha canción; enviar e recibir cartas, mensaxes, e-mails; escribir historias a partir dun título dado; elaborar rexistros de erros e repasalos a diario.

-As matemáticas: completar series; realizar xogos de ordenador; resolver problemas; comparar cantidades; asociar número-cantidade; inventar o enunciado dun problema.

-Os prerequisites básicos da aprendizaxe: realizar crebacabezas; realizar tarefas de asociación visual; reproducir esquemas; comparar debuxos; ordenar secuencias; discriminar dereita/esquerda; clasificar obxectos pola cor, forma, tamaño, os produtos dunha tenda (supermercado); interpretar planos/mapas sinxelos; comentar acontecementos do día anterior.

-As funcións executivas: ordenar viñetas que compoñen unha historia e dialogar; realizar xogos de ordenador; propoñer solucións a determinados conflitos; elaborar un libro de autoinstrucciones; realizar autoinstruccions verbais e/ou escritas; realizar xogos de regras (pasapalabra temático, dominó).



-A nivel socioemocional: realizar xogos cooperativos; elaborar un libro de sentimentos da clase; xogar ao amigo invisible; describir calidades positivas dun compañeiro; elaborar axendas, normas da semana/mes; realizar xogos de rol/simulación; resaltar aspectos positivos/negativos; elaborar tarxetas de felicitadores; construír un memory de expresións, dado das emocións.

6. METODOLOXÍA

As estratexias metodolóxicas parten do principio de individualización, adaptándose ao nivel de desenvolvemento e ás necesidades:

- Crear un clima de confianza.
- Partir dos coñecementos previos e potencialidades.
- Secuenciación das aprendizaxes propostas.
- Actividades curtas, para non crear fatiga, e con dificultade crecente.
- Priorizar aquelas aprendizaxes que favorezan a experiencia directa, a reflexión e a expresión por parte dos alumnos/as, así como as funcionais para a vida.
- Utilizar estratexias con forte motivación intrínseca, xunto con abundantes reforzos variados.
- Utilizar na medida do posible as situacións de xogo como estimuladoras da aprendizaxe.
- Identificar, seleccionar e recoñecer as fontes e os recursos máis apropiados (as TIC's como recurso de aprendizaxe).
- Dar prioridade ás estratexias docentes que centren a atención da actividade escolar no grupo.
- Manter unha actitude positiva, valorando sempre os progresos.

7. PROGRAMA DE BENESTAR EMOCIONAL e EDUCACIÓN RESPONSABLE

Os beneficios da Intelixencia Emocional no ámbito educativo veñen sendo desde algúns anos obxecto de estudo e está demostrado que un proxecto educativo que inclúe a Intelixencia Emocional na aula aporta grandes melloras aos nenos/as no seu



desenvolvemento socioemocional tales como niveis de ansiedade máis baixos, habilidade para expresar as súas ideas e sentimentos, para defender os seus dereitos nas relacións sociais evitando conflitos...

Nós como membros do departamento de Orientación temos que ter moi presente o benestar emocional do alumno/a no noso día a día na escola xa que deste xeito melloramos a relación entre os propios alumnos e o profesor/alumno e isto vaise ver reflectido nun mellor rendemento escolar.

O desenvolvemento persoal dun alumno depende de aspectos como a confianza, a curiosidade, a intencionalidade, a relación, a cooperación... e está demostrado que as carencias nas habilidades propias da intelixencia emocional afectan aos alumnos/as dentro e fóra das aulas nas relacións interpersoais, no benestar psicolóxico, no rendemento académico e nas condutas disruptivas. É por iso, que como especialistas que formamos parte dun equipo temos que favorecer un clima axeitado para fomentar o benestar emocional.

Partindo desta idea, cremos importante o desenvolvemento dos cinco compoñentes máis importantes da intelixencia emocional¹:

- **Autoconciencia emocional: coñecer os nosos propios sentimentos e emocións e como nos inflúen. É incuestionable que o estado anímico inflúe no comportamento e tamén no rendemento escolar.**
- **Autorregulación emocional: o cal permite reflexionar e dominar os propios sentimentos.**
- **Automotivación: Sempre hai que enfocar as emocións cara un obxectivo ou meta, sendo proactivos e ser capaces de “sortear” os obstáculos que nos poidamos atopar polo camiño.**
- **Empatía: É moi importante poñerse no lugar dos demais o que permitirá que establezamos vínculos máis estreitos e favorecerá o proceso de ensinanza-aprendizaxe.**
- **Relacións interpersoais ou habilidades sociais: é moi importante saber tratar e comunicarse con diferentes persoas que nos rodean.**

1 Goleman, D.(1996) Inteligencia emocional. Barcelona: Kairós.



Ademais, desde o centro temos unhas liñas de traballo que contribúen decisivamente a reforzar o benestar emocional. Estas son:

A) Accións de benestar emocional:

- Dende fai seis cursos, o centro está inmerso no programa de **Educación Responsable** onde, a través diferentes recursos podemos achegarnos ao mundo das emocións e traballalas co alumnado. Estes recursos son: Recurso de música (coro das emocións), Arte (reflexArte), lectura e emocións, literatura, emocións e creatividade e Playing emotions do plan dixital. Así propóñense actividades para traballar a autoestima, autoconcepción e autoimaxe, así como o desenvolvemento social.
- Outro recurso co que contamos son os Contratos-Programa onde traballamos a liña de IGUALA-T e EMOCIONA-T o que fai posible contar con persoas expertas en diferentes temas, como uso de tecnoloxías, relación afectivas-sexuais e igualdade, o que fai posible afondar, a través das charlas-obradoiro, nestes temas, facendo unha labor de prevención e concienciación.

B) Accións encamiñadas ao benestar a través de hábitos saudables.

- **Proxecto “Sana el hoy”**: a través deste proxecto e da man dun nutricionista concienciaremos da importancia que ten unha alimentación saudable e realizar actividade física a diario para previr enfermidades coma a diabetes ou a obesidade infantil. Estas charlas-obradoiro serán unha por grupo e mes, desde setembro a maio.

8. PLAN DIXITAL

O ritmo vertixinoso dos avances tecnolóxicos require ter unas ferramentas modernas e actualizadas. Esta situación plásmase a nivel social e nós como mestres/as non podemos estar alleos a este feito. É por isto, e tendo en conta o plan dixital do noso centro e a lexislación vixente, trataremos de acadar os seguintes obxectivos:

- Facilitar a integración e o desenvolvemento das tecnoloxías dixitais nos procesos formativos.
- Mellorar a competencia dixital do alumnado.
- Ter a aula virtual dispoñible, especialmente para aquel alumnado que non poida asistir de forma presencial ao centro.



- Empregar as tics dispoñibles na nosa aula e no noso centro para realizar diversas actividades en beneficio do proceso de ensinanza e aprendizaxe.

9. RECURSOS EMPREGADOS

Os recursos irán en función das necesidades do alumnado. Podemos destacar:

- Recursos materiais: material funxible, cadernos de lectoescritura, bingo de palabras e imaxes, pedras pintadas, dado da comprensión; tablet, ordenador, material ensartable (punzón, láminas, agulla de plástico, lá de diferentes cores), materiais de elaboración propia, xogos didácticos...
- Recursos humanos e organizativos: existirá colaboración e coordinación co profesorado e co Departamento de Orientación.

10. TEMPORALIZACIÓN

A temporalización das sesións será de 50 minutos cunha frecuencia diferente dependendo do alumnado.

11. AVALIACIÓN

Os **criterios de avaliación** irán en base aos obxectivos establecidos previamente.

A avaliación será individualizada, continua e integradora, tendo en conta o nivel de desenvolvemento do alumnado.

A avaliación non só se levará a cabo na aula de PT, senón que se terá en conta a información transmitida polo titor/a e especialistas que traballen co alumno/a.

Ao comezo do curso realizaremos unha avaliación inicial, co fin de coñecer de forma máis concreta as dificultades que presenta o alumnado. Unha vez realizada dita avaliación, concretaranse os obxectivos a traballar enmarcados dentro do programa de intervención. Pero, ademais, ao longo do curso, iremos avaliando ao alumnado (observación, coordinación co profesorado,...), sobre todo, por se é preciso modificar, aumentar ou eliminar algún obxectivo.



Asemade, ao finalizar o curso, realizaremos unha avaliación para analizar se os obxectivos propostos ao comezo deste foron conseguidos ou non, así como se foron os acertados para este alumnado.


Empregaranse unha serie de técnicas e instrumentos como:

- A observación directa e sistemática.
- As entrevistas coas familias, titore/as.
- O diario docente. Miguel Ángel Zabalza (2004) establece nunha publicación que escribir sobre o que se está facendo como profesional da educación é un excelente procedemento para mellorar a calidade do traballo persoal, á vez que un bo método para o desenvolvemento profesional da función docente.
- A análise das producións dos alumno/as.

Neste punto, será conveniente levar a cabo unha autoavaliación do noso traballo, para poder observar se propuxemos os obxectivos correctos, se as nosas expectativas sobre o alumnado foron as axeitadas, se os métodos empregados na intervención foron os máis adecuados, ou se nos equivocamos coa intervención dalgún aspecto.



10. AUDICIÓN E LINGUAXE



Programación Audición e Linguaxe

Mestra A.L: María Vieito Liñares

ÍNDICE

1.XUSTIFICACIÓN	1
2. ACTUACIÓN DA MESTRA DE AUDICIÓN E LINGUAXE	4
3. ALUMNADO CON NEAE QUE PRECISA INTERVENCIÓN A.L.	6
4. OBXECTIVOS	7
5. CONTIDOS E ACTIVIDADES	8
6. METODOLOXÍA	9
7. PLAN DE BENESTAR EMOCIONAL	10
8. PLAN DIXITAL	11
9. RECURSOS	11
10. TEMPORALIZACIÓN	12
11. AVALIACIÓN	12



- **XUSTIFICACIÓN**

Todas a persoas necesitamos comunicarnos como forma de relación e interacción social. Ademais, esta capacidade permítenos acceder a novas experiencias, coñecer novas realidades... O alumnado de infantil e primaria accede ao mundo que lle rodea e adquire novas aprendizaxes grazas á comunicación polo que se existe calquera alteración na voz, fala ou linguaxe podería afectar ao proceso de ensinanza e aprendizaxe e /ou á relación cos seus iguais ou o seu entorno. Este curso podemos dicir que é excepcional para traballar as tres dimensións

Por outra banda, a lectoescritura é un pilar básico para o correcto desenvolvemento dos obxectivos e estándares establecidos nas lexislacións actuais e é un feito, que se non existe unha boa competencia lectora vai a afectar en grande medida a todas as materias curriculares. É por iso, que como Mestres de Audición e Linguaxe debemos intervir sobre estas necesidades para garantir a equidade e integración do alumnado.

O benestar emocional é fundamental para que o rendemento do alumnado sexa o axeitado, para que se relacionen e teñan unha vida social plena porque o que pretendemos é que se sintan ben cando veñen á escola e ás nosas aulas. É por iso que aplicaremos un programa de benestar emocional. Ademais, as NTICS están moi presentes na actualidade e nós podemos facer un uso racional delas para que o proceso de ensinanza e aprendizaxe sexa máis enriquecedor.

- ❖ **ACTUACIÓNS DA MESTRA DE AUDIÇÃO E LINGUAXE**

Os especialistas de Audición e Linguaxe, así como os especialistas de Pedagogía Terapéutica, formamos parte do Departamento de Orientación, tal e como vén recollido no Decreto 120/1998, do 23 de abril polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia. Ademais, o orde do 24 de xullo de 1998, pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia establece unha serie de funcións para ambos especialistas. Estas son:

a) Asistir as reunións da comisión de coordinación pedagóxica.



b) Participar na avaliación inicial do alumnado que acceda á educación secundaria obrigatoria e, cando cumpra, naquelas sesións de avaliación que afecten a alumnado con necesidades educativas especiais.

c) Colaborar na elaboración seguimento e avaliación das adaptacións curriculares individuais, así como das medidas de reforzo, se é o caso, e daquelas dirixidas á atención á diversidade do alumnado.

d) Prestarlle atención docente directa ó alumnado con necesidades educativas especiais que así o requira, atención que, en xeral, se prestará no grupo no que está integrado.

Estas funcións están complementadas pola orde do 8 de setembro do 2021 quedando reflectidas as seguintes:

- a) Colaborar coa xefatura do departamento de orientación na proposta de organización da docencia de apoio.
- b) Prestar atención docente directa ao alumnado indicado no punto 1 deste artigo, segundo a proposta de distribución da docencia do profesorado de apoio realizada pola xefatura do departamento de orientación á xefatura de estudos e autorizada pola dirección do centro docente. Esa atención en ningún caso substituirá a do profesorado titor nin a do profesorado que imparta as áreas ou materias en que o alumnado reciba o apoio.
- c) Elaborar os programas de intervención para o alumnado que atende, segundo as directrices recollidas no Plan xeral de atención á diversidade, en colaboración co profesorado da área ou da materia que corresponda e segundo a orientación e o asesoramento da xefa ou do xefe do departamento de orientación.
- d) Colaborar, de ser o caso, na elaboración das adaptacións curriculares do alumnado que atende, así como no seu seguimento e avaliación.
- e) Participar na planificación e no desenvolvemento das actuacións e das medidas que favorezan a inclusión da diversidade do alumnado.
- f) Asistir ás sesións de avaliación do alumnado que atende, con voz e sen voto.
- g) Elaborar, ao finalizar o curso escolar, un informe individual de cada alumna ou cada alumno a quen prestase apoio, coordinado pola xefatura do departamento de orientación e segundo o modelo facilitado polo departamento de orientación,



que se incluíra no seu expediente. No anexo V, a modo orientativo, figura un modelo dese informe.

h) Aqueloutras funcións que a Administración educativa, dentro do ámbito das súas competencias, lle poida asignar referidas á inclusión, á orientación e á atención á diversidade.

Entre as miñas funcións considero oportuno mencionar as seguintes:

- ✓ Avaliar mediante diversos métodos (probas, observación,...) as dificultades na comunicación, linguaxe ou fala e tamén dificultades no proceso lectoescritor.
- ✓ Realizar intervención naquel alumnado que teña dificultades no proceso de comunicación, linguaxe, fala ou lectoescritura, sempre en coordinación coa xefa do departamento de orientación e o mestre titor do alumnado.
- ✓ Darlle pautas ás familias e ao titor se é o caso para que exista colaboración e continuidade na tarefa que se está a facer.
- ✓ Informar en todo momento como está sendo o proceso de ensino-aprendizaxe. Se é preciso tamén se lle proporcionará material para traballar.
- ✓ Colaborar coa xefa do departamento de Orientación na aportación de datos sobretudo lingüísticos e comunicativos que poidan ter relevancia.

Non debemos esquecer que no noso día a día temos que ter presentes o protocolos existentes tales como:

- Protocolo de Consenso sobre TDAH na Infancia e na Adolescencia nos ámbitos educativo e sanitario. Publicado o 10/03/2016
- Protocolo de Tratamento Educativo do Alumnado con Trastorno do Autismo (TEA) Publicado o 14/03/2016.
- Protocolo para a Atención educativa do alumnado coa Síndrome de Down e/ou Discapacidade intelectual publicado o 14/06/2018.
- Protocolo para a intervención psicoeducativa da dislexia e outras dificultades específicas da aprendizaxe publicado o 29/01/2020.



- Protocolo da prevención da transmisión da Covid-19 no alumnado con Necesidades Educativas Especiais para o ámbito educativo publicado o 16 de setembro do 2020.

Ademais teremos en conta todos os plans e proxectos do centro como son: o plan de Benestar Emocional, o Plan de Educación Responsable, e o Plan Dixital.

3. ALUMNADO CON NEAE QUE PRECISA INTERVENCIÓN DE AUDIÇÃO E LINGUAXE

O alumnado con NEAE soe variar ao longo de todo o curso onde poder haber altas pero tamén novas demandas. No noso centro estamos dúas mestras de Audición e Linguaxe. Actualmente á miña aula de Audición e Linguaxe veñen alumnos dos seguintes cursos:

- ✓ Educación Infantil: 5º E.I un alumno con Trastorno de espectro autista.
- ✓ 1º de Primaria: 5 alumnos/as con dificultades en lectoescritura e linguaxe dos que un está diagnosticado con Trastorno Específico da Linguaxe e o outro retraso na linguaxe.
- ✓ 2º Primaria: tres alumnos/as con dificultades na lectoescritura e un alumno con Trastorno de espectro autista.
- ✓ 3º Primaria: Un alumno con Trastorno do Espectro autista e 4 con dificultades en Lectoescritura
- ✓ 4º Primaria: Pendiente de valoración
- ✓ 5º Primaria: 2 alumnos con dificultades na lectoescritura
- ✓ 6º Primaria: unha alumna con dificultades en lectoescritura.

Estos datos van mudando moito ao longo do curso, xa que aínda estamos iniciando o curso e todavía faltan alumnos/as que están pendentes de valorar.

4. OBXECTIVOS

- Obxectivos xerais:
 - Potenciar as 3 dimensións da linguaxe: forma, contido e uso na súa forma oral e escrita.



- Propiciar a adquisición do proceso lectoescritor naqueles alumnos que teñan dificultades

- Específicos:
 - Da linguaxe
 - En canto á forma:
 - Desenvolver a fonética e fonoloxía tanto na fala como na escrita.
 - Adquirir unha boa sintaxe na fala e na construcións de oracións e/ou textos a nivel escrito.
 - En canto ao contido: desenvolver a semántica e tentar ter un vocabulario acorde co nivel educativo
 - En canto ao uso: Desenvolver a pragmática é dicir, a reciprocidade da información, o contexto, etc

 - Da lectoescritura
 - Coñecer a correspondencia grafema-fonema
 - Ser capaz de elaborar palabras con sílabas directas, inversas, mixtas e trabadas tentando que existan os menores erros de omisións, adicións, substitucións ... de letras nas palabras.
 - Traballar a ruta léxica e a fonolóxica no proceso lectoescritor
 - Construír oracións sen unións e fragmentacións de palabras.
 - Ler en voz alta cunha fluidez e entoación axeitadas.
 - Traballar a comprensión lectora.
 -

5. CONTIDOS E ACTIVIDADES

Os contidos e actividades irán en función dos obxectivos propostos anteriormente e adaptarase en todo o momento ás necesidades do alumnado. Para poder planificalas, realizarase unha avaliación inicial e a partir da mesma levaranse a cabo as actividades máis



axeitadas aos seus coñecementos previos, aos seus intereses,... Os contidos e actividades serán de distinto tipo:

- En canto á linguaxe:

- Forma:

- Traballarase a fonoloxía e a fonética. Neste campo está a articulación, a discriminación dos sons,... Algunhas das actividades que se poden realizar son: Praxias, respiración, sopro, concienciación fonolóxica, punto de articulación, discriminación de pares de palabras, etc.
- Morfosintaxe: Actividades como construción de oracións onde o o substantivo e artigo concorden en xénero e número, orde lóxica dos elementos da oración, suxeito e verbo concorden, os tempos verbais especialmente presente, pasado e futuro...

- Contido: Actividades encaminadas á adquisición de máis vocabulario especialmente do alumnado que teña un vocabulario máis reducido ben sexa por circunstancias persoais ou ambientais. Algunhas actividades serían: pictogramas agrupados por campos semánticos, lectura de contos para enriquecemento do vocabulario....

- Uso: Traballarase as teorías da mente potenciando a interpretación de situación, empatización, intención dos demais; Comunicación verbal e non verbal; contacto ocular; sinalado; uso de signos e pictogramas ...

- En canto á lectoescritura: Actividades tales como: conciencia fonolóxica e correspondencia co seu grafema, elaboración de palabras con sílabas directas, inversas mixtas e trabadas, traballo da ruta léxica e fonolóxica, ortografía básica e adaptada ao seu nivel educativo, construción de oracións, lecturas en voz alta, comprensión lectora, etc.



- **METODOLOXÍA**

Levarei a cabo unha metodoloxía activa e participativa, partindo das súas necesidades, intereses, así como as características particulares, incorporando o aspecto lúdico para evitar o aburrimiento e o cansazo destes exercicios. Para a articulación traballaremos os prerrequisitos e a colocación de todos os órganos intervintes na articulación dos fonemas; para a lectoescritura empregaremos de forma ecléctica todos os recursos precisos para acadar os obxectivos propostos. Esta metodoloxía basearase nos seguintes principios de intervención:

- a) Partir do nivel de competencia curricular e de desenvolvemento do/a alumno/a.
- b) A mestra actuará como mediadora no proceso de construción da aprendizaxe, axudando ao alumnado a descubrir, interiorizar e transferir novas e mellores estratexias cognitivas, coa conseguinte repercusión emocional.
- c) Axudar a que o/a alumno/a sexa o/a precursor/a da súa propia aprendizaxe.
- d) Procurar que as aprendizaxes sexan significativas e funcionais.
- e) Organizar os contidos mediante un enfoque globalizador.
- f) Considerar o xogo como recurso.

Con carácter específico e adaptado ao noso contexto escolar teremos en conta as seguintes pautas a seguir que foi consensuado e establecido no noso centro educativo:

As aulas de P.T. e A.L son aulas de apoio ao alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo (NEAE) que traballan a integración e inclusión deste tipo de alumnado. Seguindo a lexislación vixente, o proceso de apoio poderase realizar tanto dentro da aula ordinaria como da aula específica de apoio.

Seguindo a lexislación vixente recoméndase (sempre que sexa posible) atender ao alumnado con NEAE na súa aula de referencia, salvo naquelas circunstancias nas que a atención na aula de apoio sexa a mellor opción.

Cando o apoio se realice na aula de Audición e Linguaxe ventilarase alomenos a estancia 15 minutos ao inicio da xornada, 15 minutos ao remate da xornada, durante os recreos e durante as sesión se a climatoloxía o permite tal e como se recolle nas instrucións do 5 de setembro de 2022 da Consellería de Educación.



• PROGRAMA DE BENESTAR EMOCIONAL e EDUCACIÓN RESPONSABLE

Os beneficios da Intelixencia emocional no ámbito educativo veñen sendo desde algúns anos obxecto de estudo e está demostrado que un proxecto educativo que inclúe Intelixencia emocional na aula aporta grandes melloras aos nenos/as no seu desenvolvemento socioemocional tales como niveles de ansiedade máis baixos, habilidade para expresar as súas ideas e sentimentos, habilidade para defender os seus dereitos nas relacións sociais evitando conflitos...

Nós como membros do departamento de Orientación temos que ter moi presente o benestar emocional do alumno/a no noso día a día na escola xa que deste xeito melloramos a relación entre os propios alumnos e o profesor/alumno e isto vaise ver reflectido nun mellor rendemento escolar.

O desenvolvemento personal dun alumno depende de aspectos como confianza, curiosidade, intencionalidade, relación, cooperación... e está demostrado que as carencias nas habilidades propias da intelixencia emocional afectan aos alumnos/as dentro e fóra das aulas nas relacións interpersonais, benestar psicolóxico, rendemento académico e nas condutas disruptivas. É por iso, que como especialistas que formamos parte dun equipo temos que favorecer un clima axeitado para fomentar o benestar emocional.

Partindo desta idea, cremos importante o desenvolvemento dos cinco componentes máis importantes da intelixencia emocional²:

- **Autoconciencia emocional:** coñecer os nosos propios sentimentos e emocións e cómo nos inflúen. É incuestionable que o estado anímico inflúe no comportamento e tamén no rendemento escolar
- **Autorregulación emocional:** o cal permite reflexionar e dominar os propios sentimentos.
- **Automotivación:** Sempre hai que enfocar as emocións cara un obxectivo ou meta, sendo proactivos e ser capaces de “sortear” os obstáculos que nos poidamos atopar polo camiño.
- **Empatía:** É moi importante poñerse no lugar dos demais o que permitirá que establezamos vínculos máis estreitos e favorecerá o proceso de ensinanza-aprendizaxe.
- **Relacións interpersonais ou habilidades sociais:** é moi importante saber tratar e comunicarse con diferentes persoas que nos rodean.

Ademais, desde o centro temos unhas liñas de traballo que contribúen decisivamente a reforzar o benestar emocional. Estas son:

A) Accións de benestar emocional:

- Dende fai seis cursos, o centro está inmerso no programa de **Educación Responsable** onde a través diferentes recursos podemos achegarnos ao mundo das emocións e traballalas co alumnado. Estes recursos son: Recurso de música (coro das emocións), Arte (reflexArte), lectura e emocións, literatura, emocións e creatividade e Playing emotions do plan dixital. Así propóñense actividades para traballar a autoestima, autoconcepto e autoimaxe, así como o desenvolvemento social.

2 Goleman, D.(1996) Inteligencia emocional. Barcelona: Kairós.



- Outro recurso co que contamos son os Contratos-Programa onde traballamos a liña de IGUALA-T e EMOCIONA-T o que fai posible contar con persoas expertas en diferentes temas, como uso de tecnoloxías, relación afectivas-sexuais e igualdade, o que fai posible afondar, a través das charlas-obradoiro, nestes temas, facendo unha labor de prevención e concienciación.
- **PLAN DIXITAL**

O ritmo vertixinoso dos avances tecnolóxicos require ter unas ferramentas modernas e actualizadas. Esta situación plásmase a nivel social e nós como mestres/as de Audición e Linguaxe non podemos estar alleos a este feito. É por isto, e tendo en conta o plan dixital do noso centro e a lexislación vixente, trataremos de acadar os seguintes obxectivos:

- Facilitar a integración e o desenvolvemento das tecnoloxías dixitais nos procesos formativos.
- Mellorar a competencia dixital do alumnado.
- Ter a aula virtual dispoñible, especialmente para aquel alumnado que non poida asistir de forma presencial ao centro.
- Empregar as tics dispoñibles na nosa aula e no noso centro para realizar diversas actividades en beneficio do proceso de ensinanza e aprendizaxe do alumnado.

- **RECURSOS EMPREGADOS**

Os recursos irán en función das necesidades do alumnado. Podemos destacar:

- Recursos materiais: Para a linguaxe: o fonodil, xogos de letras, xogos informáticos, pictogramas, imaxes variadas, ...; para a lectoescritura: libretas, lapis, rotuladores, programas informáticos, vídeos, cancións, xogos con letras....
- Recursos humanos: existirá colaboración e coordinación co profesorado e co Departamento de Orientación.

- **TEMPORALIZACIÓN**

A temporalización dependerá da necesidade do alumnado. Polo xeral, para as intervencións do alumnado con trastorno da fala sairá en sesión de 25 minutos dúas veces á semana; con respecto á lectoescritura soen ser sesións de 50 minutos cunha frecuencia diferente dependendo do alumnado.



- **AVALIACIÓN**


Os **criterios de avaliación** irán en base aos obxectivos establecidos previamente. Segundo o momento da avaliación podemos destacar tres momentos:

- Avaliación Inicial: establecerá as pautas a partir das cales comezar a deseñar o programa de intervención
- Avaliación continua ou de seguimento: Contemplanse a evolución e trataremos de incluír aqueles elementos que se vexan necesarios e descartar aqueles que non sexan proveitosos.
- Avaliación sumativa ou final: Tamén veremos os resultados, as aprendizaxes finais.

Segundo os instrumentos empregados e aspectos a avaliar:

- a) Avaliación formal, informal e semiinformal: Para a avaliación formal empregáronse algunhas probas estandarizadas como Prolec, PPTV (Peabody), Rexistro Fonolóxico Inducido...; para a avaliación informal e semiinformal baséome no traballo diario, onde se aprecian as dificultades.
- b) Avaliación cualitativa: Interésame máis comprender cómo o alumno vai aprendendo que un dato numérico.

Paralelamente a mestra de Audición e Linguaxe tamén realiza unha autoavaliación para mellorar no seu día a día e tentar que o proceso de ensinanza e aprendizaxe sexa o máis productivo posible.



Programación Audición e Linguaxe Curso 2022-2023

Mestra A.L itinerante: Aida Gómez Pérez.

INDICE

1. XUSTIFICACIÓN.....	3
2. ACTUACIÓNS DA MESTRA DE AUDICIÓ E LINGUAXE	4
3. ALUMNADO CON NEAE QUE PRECISA INTERVENCIÓ	
DE AUDICIÓ E LINGUAXE.....	6
4. OBXECTIVOS.....	8
5. CONTIDOS E ACTIVIDADES.....	9
6. METODOLOXÍA.....	10
6. PROGRAMA DE BENESTAR EMOCIONAL E EDUCACIÓ	
RESPONSABLE.....	11
7. PLAN DIXITAL.....	13
8. RECURSOS EMPREGADOS.....	13
10. TEMPORALIZACIÓ.....	14
11. AVALIACIÓ.....	14



✚ XUSTIFICACIÓN

A linguaxe é a forma de comunicación humana por excelencia. Todas as persoas necesitamos comunicarnos como forma de relación e interacción social. Ademais, esta capacidade permítenos acceder a novas experiencias, coñecer novas realidades... O alumnado de infantil e primaria accede ao mundo que lle rodea e adquire novas aprendizaxes grazas á comunicación polo que se existe calquera alteración na voz, fala ou linguaxe podería afectar ao proceso de ensinanza e aprendizaxe e/ou á relación cos seus iguais ou o seu entorno. Co fin de contribuír a un desenvolvemento integral de todo o noso alumnado é necesario traballar as tres dimensións da linguaxe.

Por outra banda, a lectoescritura é un pilar básico para o correcto desenvolvemento dos obxectivos e estándares establecidos nas lexislacións actuais polo que é preciso acadar unha boa competencia lectora xa que é necesaria para todas as materias curriculares. É por iso, que como Mestres de Audición e Linguaxe debemos intervir sobre estas necesidades para garantir a equidade e integración da totalidade do alumnado.

Por outra banda, consideramos que o benestar emocional é fundamental para que o rendemento do alumnado sexa o axeitado, para que se relacionen e teñan unha vida social plena porque o que pretendemos é que se sintan ben cando veñen á escola e ás nosas aulas. É por iso que aplicaremos un programa de benestar emocional.

Debido ao Covid-19, tamén existe a posibilidade de que algúns alumnos teñan que permanecer na casa e cando isto suceda, temos que poñer á súa disposición todos os recursos pertinentes para que poidan seguir tendo o apoio desde o seu fogar.



🚦 ACTUACIÓNS DA MESTRA DE AUDICIÓ E LINGUAXE

Os especialistas de Audición e Linguaxe, así como os especialistas de Pedagogía Terapéutica, formamos parte do Departamento de Orientación, tal e como vén recollido no Decreto 120/1998, do 23 de abril polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia. Ademais, o Orde do 24 de xullo de 1998, pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia e a Orde do 8 de setembro de 2021 establecen de forma concisa as funcións para ambos especialistas. Estas son:

A) Asistir as reunións da comisión de coordinación pedagóxica.

B) Participar na avaliación inicial do alumnado que acceda á educación secundaria obrigatoria e, cando cumpra, naquelas sesións de avaliación que afecten a alumnado con necesidades educativas especiais.

C) Colaborar na elaboración seguimento e avaliación das adaptacións curriculares individuais, así como das medidas de reforzo, se é o caso, e daquelas dirixidas á atención á diversidade do alumnado.

D) Prestarlle atención docente directa ó alumnado con necesidades educativas especiais que así o requira, atención que, en xeral, se prestará no grupo no que está integrado.

E) Colaborar coa xefatura do departamento de orientación na proposta de organización da docencia de apoio.

F) Prestar atención docente directa ao alumnado indicado no punto 1 deste artigo, segundo a proposta de distribución da docencia do profesorado de apoio realizada pola xefatura do departamento de orientación á xefatura de estudos e autorizada pola dirección do centro docente. Esa atención en ningún caso substituirá a do profesorado titor nin a do profesorado



que imparta as áreas ou materias en que o alumnado reciba o apoio.

G) Elaborar os programas de intervención para o alumnado que atende, segundo as directrices recollidas no Plan xeral de atención á diversidade, en colaboración co profesorado da área ou da materia que corresponda e segundo a orientación e o asesoramento da xefa ou do xefe do DO.

H) Colaborar, de ser o caso, na elaboración das ACS do alumnado que atende, así como no seu seguimento e avaliación.

I) Participar na planificación e no desenvolvemento das actuacións e das medidas que favorezan a inclusión da diversidade do alumnado.

J) Asistir ás sesións de avaliación do alumnado que atende, con voz e sen voto.

K) Elaborar, ao finalizar o curso escolar, un informe individual de cada alumna ou cada alumno a quen prestase apoio, coordinado pola xefatura do departamento de orientación e segundo o modelo facilitado polo departamento de orientación, que se incluírá no seu expediente.

L) Aqueloutras funcións que a Administración educativa, dentro do ámbito das súas competencias, lle poida asignar referidas á inclusión, á orientación e á atención á diversidade.

Entre as miñas funcións considero oportuno mencionar as seguintes:

Avaliar mediante diversos métodos (probas, rúbricas, mostras da linguaxe observación...) as dificultades na comunicación, linguaxe ou fala e tamén dificultades no proceso lectoescritor.

Realizar intervención naquel alumnado que teña dificultades no proceso de comunicación, linguaxe, fala ou lectoescritura, sempre en coordinación coa xefa do departamento de orientación e o mestre titor do alumnado.

Darlle pautas ás familias e aos titores se é o caso para que exista colaboración e continuidade na tarefa que se está a facer.



- ✓ Informar en todo momento como está sendo o proceso de ensino-aprendizaxe. Se é preciso tamén se lle proporcionará material para traballar.
- ✓ Colaborar coa xefa do departamento de Orientación na aportación de datos sobre todo lingüísticos e comunicativos que poidan ter relevancia.

Non debemos esquecer que no noso día a día debemos ter presentes o protocolos existentes tales como:

- Protocolo de Consenso sobre TDAH na Infancia e na Adolescencia nos ámbitos educativo e sanitario. Publicado o 10/03/2016
- Protocolo de Tratamento Educativo do Alumnado con Trastorno do Autismo (TEA) Publicado o 14/03/2016.
- Protocolo para a Atención educativa do alumnado coa Síndrome de Down e/ou Discapacidade intelectual publicado o 14/06/2018.
- Protocolo para a intervención psicoeducativa da dislexia e outras dificultades específicas da aprendizaxe publicado o 29/01/2020.
- Protocolo da prevención da transmisión da Covid-19 no alumnado con Necesidades Educativas Especiais para o ámbito educativo publicado o 16 de setembro do 2020.

Ademais teremos en conta todos os plans e proxectos do centro como son: o plan de Benestar Emocional, o Plan de Educación Responsable, e o Plan Dixital.

✚ ALUMNADO CON NEAE QUE PRECISA INTERVENCIÓN DE AUDIÇÃO E LINGUAXE



O alumnado con NEAE soe variar ao longo de todo o curso onde poder haber altas pero tamén novas demandas. No noso centro estamos dúas mestras de Audición e Linguaxe.

No meu caso son unha mestra itinerante entre o CEIP Flavia (ao que acodo a diario) e as escolas de Educación Infantil de Arretén, A ponte e co Ceip Pousada Carcacía (nas que desempeño a miña labor docente os martes mércores e xoves)

Polo que actualmente atendo aos seguinte alumnado:

No CEIP **Flavia**:

- ✓ 2º Primaria: un alumno con trastornos dos sons da fala (TSH)/ dislalias.
- ✓ 3º Primaria: un alumno con trastornos dos sons da fala (TSH)/ dislalias.
- ✓ 4º Primaria: tres alumnos con dificultades da aprendizaxe derivadas polas súas condicións persoais ou de historia escolar.
- ✓ 5º Primaria: unha alumna con TDAH que provocan dificultades de comprensión, e un alumno con dificultades da aprendizaxe derivadas polas súas condicións persoais ou de historia escolar.

Na escola de Educación infantil de **Arretén**:

Un alumno con retraso global do desenvolvemento (á espera de resultados de probas do servizo de pediatría CCEE) e outro alumno con trastorno da linguaxe expresivo.

Na escola de Educación infantil de **A ponte**:

Un alumno con TEA.



No Ceip de **Pousada Carcacia**:

- Unha alumna con dificultades lectoescritoras.

Estes datos cambiarán ao longo do curso, xa que aínda estamos iniciando o curso e falta alumnado por valorar.

4. OBXECTIVOS

- Obxectivos xerais:

- Potenciar as 3 dimensións da linguaxe: forma, contido e uso na súa forma oral e escrita.
- Mellorar a competencia comunicativo lingüística de todo o alumnado que acode á aula.
- Propiciar a adquisición do proceso lectoescritor naqueles alumnos que teñan dificultades.

- Específicos:

- Da linguaxe
 - En canto á forma:
 - Desenvolver a fonética e fonoloxía tanto na fala como na escrita.
 - Adquirir unha boa sintaxe na fala e na construcións de oracións e/ou textos a nivel escrito.
 - En canto ao contido: desenvolver a semántica e tentar ter un vocabulario acorde co nivel educativo



- En canto ao uso: Desenvolver a pragmática é dicir, a reciprocidade da información, o contexto, etc
- Da lectoescritura
 - Coñecer a correspondencia grafema-fonema
 - Ser capaz de elaborar palabras con sílabas directas, inversas, mixtas e trabadas tentando que existan os menores erros de omisións, adicións, substitucións ... de letras nas palabras.
 - Traballar a ruta léxica e a fonolóxica no proceso lectoescritor
 - Construír oracións sen unións e fragmentacións de palabras.
 - Ler en voz alta cunha fluidez e entoación axeitadas.
 - Traballar a comprensión lectora.

5. CONTIDOS E ACTIVIDADES

Os contidos e actividades irán en función dos obxectivos propostos anteriormente e adaptaranse en todo o momento ás necesidades do alumnado. Para poder planificalas, realizarase unha avaliación inicial e a partir da mesma levaranse a cabo as actividades máis axeitadas á súa zona de desenvolvemento próximo aos seus coñecementos previos e aos seus intereses. Os contidos e actividades serán de distinto tipo:

- En canto á linguaxe:

- Forma:
 - Traballarase a fonoloxía e a fonética. Neste campo está a articulación, a discriminación dos sons,... Algunhas das actividades que se poden realizar son:



de adquisición dun patrón respiratorio axeitado, concienciación fonolóxica, punto de articulación, discriminación de pares de palabras, etc.

- Morfosintaxe: Actividades como construción de oracións onde o o substantivo e artigo concorden en xénero e número, orde lóxica dos elementos da oración, suxeito e verbo concorden, os tempos verbais especialmente presente, pasado e futuro...
- Contido: Actividades encamiñadas á adquisición de máis vocabulario especialmente do alumnado que teña un vocabulario máis reducido ben sexa por circunstancias persoais ou ambientais. Algunhas actividades serían: agrupar pictogramas ou imaxes segundo os campos semánticos, lectura de contos para enriquecemento do vocabulario....
- Uso: Traballaranse as teorías da mente potenciando a interpretación de situación, empatía, intención cos demais; Comunicación verbal e non verbal; contacto ocular; sinalado; uso de signos e pictogramas ...
- En canto á lectoescritura, actividades tales como: conciencia fonolóxica e correspondencia co seu grafema, elaboración de palabras con sílabas directas, inversas mixtas e trabadas, traballo da ruta léxica e fonolóxica, ortografía básica e adaptada ao seu nivel educativo, construción de oracións, lecturas en voz alta, comprensión lectora, etc.

6. METODOLOXÍA

Desenvolverase unha metodoloxía activa e participativa, partindo das súas necesidades, intereses, así como as características particulares, incorporando o aspecto lúdico para evitar o aburrimiento e o cansazo destes exercicios. Para a articulación traballaremos os



prerrequisitos da linguaxe e a colocación de todos os órganos intervintes na articulación dos fonemas; para a lectoescritura empregaremos de forma ecléctica todos os recursos precisos para acadar os obxectivos propostos.

A metodoloxía que se utilizarán nas aulas de apoio e/ou da especialista en AL dentro da aula ordinaria basearase nos seguintes principios de intervención:

- Partir do nivel de competencia curricular e de desenvolvemento do/a alumno/a.
- A mestra actuará como mediadora no proceso de construción da aprendizaxe, axudando ao alumnado a descubrir, interiorizar e transferir novas e mellores estratexias cognitivas, coa conseguinte repercusión emocional.
- Axudar a que o/a alumno/a sexa o/a precursor/a da súa propia aprendizaxe.
- Procurar que as aprendizaxes sexan significativas e funcionais.
- Organizar os contidos mediante un enfoque globalizador.
- Considerar o xogo como recurso.

Con carácter específico e adaptado ao noso contexto escolar teremos en conta as seguintes pautas a seguir que foi consensuado e establecido no noso centro educativo:

As aulas de P.T. e A.L son aulas de apoio ao alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo (NEAE) que traballan a integración e inclusión deste tipo de alumnado. Seguindo a lexislación vixente, o proceso de apoio poderase realizar tanto dentro da aula ordinaria como da aula específica de apoio e recoméndase (sempre que sexa posible) atender ao alumnado con NEAE na súa aula de referencia, salvo naquelas circunstancias nas que a atención na aula de apoio sexa a mellor opción.



Este curso seguiremos as directrices ditadas polas instrucións conxuntas do 5 de setembro de 2022 da Consellería de Educación para a xestión da Covid-19 no ámbito educativo no curso 2022/23 e cando o apoio se realice na aula de Audición e Linguaxe ventilarase alomenos a estancia 15 minutos ao inicio da xornada, 15 minutos ao remate da xornada, durante os recreos e durante as sesión se a climatoloxía o permite.

7. PROGRAMA DE BENESTAR EMOCIONAL E EDUCACIÓN RESPONSABLE

Os beneficios da Intelixencia emocional no ámbito educativo veñen sendo desde algúns anos obxecto de estudo e está demostrado que un proxecto educativo que inclúe Intelixencia emocional na aula aporta grandes melloras aos nenos/as no seu desenvolvemento socioemocional tales como niveles de ansiedade máis baixos, habilidade para expresar as súas ideas e sentimentos, habilidade para defender os seus dereitos nas relación sociais e evitar conflitos.

Nós como membros do departamento de Orientación temos que ter moi presente o benestar emocional do alumno/a no noso día a día na escola xa que deste xeito melloramos a relación entre os propios alumnos e o profesor/alumno e isto vaise ver reflectido nun mellor rendemento escolar.

O desenvolvemento personal dun alumno depende de aspectos como confianza, curiosidade, intencionalidade, relación, cooperación... e está demostrado que as carencias nas habilidades propias da intelixencia emocional afectan aos alumnos/as dentro e fóra das aulas nas relación interpersonais, benestar psicolóxico, rendemento académico e nas condutas disruptivas. É por iso, que como especialistas que formamos parte dun equipo temos que favorecer un clima axeitado para fomentar o benestar emocional.



Partindo desta idea, cremos importante o desenvolvemento dos cinco compoñentes máis importantes da intelixencia emocional³:

- **Autoconciencia emocional:** coñecer os nosos propios sentimentos e emocións e cómo nos inflúen. É incuestionable que o estado anímico inflúe no comportamento e tamén no rendemento escolar
- **Autorregulación emocional:** o cal permite reflexionar e dominar os propios sentimentos.
- **Automotivación:** Sempre hai que enfocar as emocións cara un obxectivo ou meta, sendo proactivos e ser capaces de “sortear” os obstáculos que nos poidamos atopar polo camino.
- **Empatía:** É moi importante poñerse no lugar dos demais o que permitirá que establezamos vínculos máis estreitos e favorecerá o proceso de ensinanza-aprendizaxe.
- **Relacións interpersonais ou habilidades sociais:** é moi importante saber tratar e comunicarse con diferentes persoas que nos rodean.

Ademais, desde o centro temos unhas liñas de traballo que contribúen decisivamente a reforzar o benestar emocional.

- Dende fai seis cursos, o centro está inmerso no programa de **Educación Responsable** onde a través diferentes recursos podemos achegarnos ao mundo das emocións e traballalas co alumnado. Estes recursos son: Recurso de música (coro das emocións), Arte (reflexArte), lectura e emocións, literatura, emocións e creatividade e Playing

3 Goleman, D.(1996) Inteligencia emocional. Barcelona: Kairós.



emotions do plan dixital. Así propóñense actividades para traballar a autoestima, autoconceito e autoimaxe, así como o desenvolvemento social.

- Outro recurso co que contamos son os Contratos-Programa onde traballamos a liña de IGUALA-T e EMOCIONA-T o que fai posible contar con persoas expertas en diferentes temas, como uso de tecnoloxías, relación afectivas-sexuais e igualdade, o que fai posible afondar, a través das charlas-obradoiro, nestes temas, facendo unha labor de prevención e concienciación.
- Neste curso desenvolveranse diferentes charlas e dinámicas que pretenden instaurar hábitos saudables no noso alumnado.

1. PLAN DIXITAL

O ritmo vertixinoso dos avances tecnolóxicos require ter unas ferramentas modernas e actualizadas. Esta situación plásmase a nivel social e nós como mestres/as de Audición e Linguaxe non podemos estar alleos a este feito. É por isto, e tendo en conta o plan dixital do noso centro e a lexislación vixente, trataremos de acadar os seguintes obxectivos:

- Facilitar a integración e o desenvolvemento das tecnoloxías dixitais nos procesos formativos.
- Mellorar a competencia dixital do alumnado.
- Ter a aula virtual dispoñible, especialmente para aquel alumnado que non poida asistir de forma presencial ao centro.
- Empregar as tics dispoñibles na nosa aula e no noso centro para realizar diversas actividades en beneficio do proceso de ensinanza e aprendizaxe do alumnado.



2. RECURSOS EMPREGADOS

Os recursos irán en función das necesidades do alumnado. Podemos destacar:

- Recursos materiais: Para a linguaxe: o fonodil, xogos de letras, xogos informáticos, pictogramas, imaxes variadas etc. para a lectoescritura: libretas, lapis, rotuladores, programas informáticos, vídeos, cancións, xogos con letras....
- Recursos humanos: existirá colaboración e coordinación co profesorado e co Departamento de Orientación.

TEMPORALIZACIÓN

